



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 365
3 de outubro de 2018

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

I 37329 (10/POC-005910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as razóns do agrupamento do alumnado de 3º e 4º de Atención Primaria no CEIP Antonio Blanco Rodríguez, do concello de Covelo, a posible modificación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos criterios ao respecto para Educación Infantil e/ou Educación Primaria, e, se é o caso, os cambios introducidos, a súa negociación e a data de inicio da súa aplicación

[122570](#)

I 37358 (10/POC-005911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado de deterioración e carencias que presenta o Centro de Saúde de Cee, o mantemento dalgún contacto co Concello ao respecto e as xestións que vai levar a cabo para evitar os inconvenientes e perigos que ocasiona esa situación, así como as previsións respecto da dotación dun servizo de ortopantomografía e a asunción da súa xestión directa

[122572](#)

I 37363 (10/POC-005913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dunha planificación en materia de estradas de competencia autonómica e a súa opinión en relación coa vixencia actual do Plan MOVE

[122575](#)

I 37416 (10/POC-005914)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun novo proceso de diálogo co Concello de Narón e coa veciñanza afectada co fin de acordar un novo proxecto para a senda peonil do Val que minimize as afeccións e mellore a seguridade viaria

[122578](#)

I 37421 (10/POC-005915)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o investimento estranxeiro en Galicia no período 1993-2017 e no primeiro semestre de 2018 en relación co conxunto do Estado, así como os resultados da entrada en vigor Lei de fomento empresarial no que atinxe á captación do investimento estranxeiro recibido por Galicia

[122581](#)

I 37424 (10/POC-005916)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**

Sobre a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugardos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello [122585](#)

I 37425 (10/POC-005917)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha medida de discriminación positiva para promocionar a venda dos produtos hortícolas dos pequenos produtores, así como as súas intencións referidas á axuda para incorporalos á venda de produtos nas grandes superficies comerciais [122587](#)

I 37430 (10/POC-005918)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre os datos referidos ás granxas que teñen como actividade principal ou secundaria o gando ovino e cabrún con actividade desde o ano 2012 e existentes na actualidade en Galicia, así como ao volume de produción declarado, á súa facturación e ao prezo de venda nos últimos doce meses [122589](#)

I 37446 (10/POC-005919)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación nos centros de formación e experimentación agroforestal dun módulo específico en gandaría ovina e caprina, así como sobre a achega de fondos, impulso e promoción da marca de garantía Pastores de Galicia [122591](#)

I 37453 (10/POC-005920)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre os criterios de selección das actividades, establecementos, produtos ou instalacións fixados dentro de cada un dos plans de inspección da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, a realización pola Consellería de Industria de inspeccións extraordinarias das instalacións industriais de tratamento de residuos do Grupo Couceiro con motivo dos incendios acontecidos nos anos 2008 e 2014 e as razóns de que non se inclúa este grupo no plan de labores de inspeccións extraordinarias, particularmente no plan de inspección de 2017 [122594](#)

I 37457 (10/POC-005921)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as razóns da diferenza existente entre o prezo do leite en Galicia no ano 2017 e o da media do Estado, as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural para equilibrar a fenda de prezos entre comunidades autónomas e mellorar a situación dos gandeiros galegos, así como as previstas para frear o peche de explotacións e reverter a situación actual [122597](#)

I 37458 (10/POC-005922)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 3 máis**

Sobre o financiamento asignado a cada un dos vinte e catro grupos de desenvolvemento rural con cargo á medida Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, os proxectos financiados, así como os que quedaron sen financiamento en cada un deses grupos [122600](#)

I 37460 (10/POC-005923)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 3 máis**

Sobre o contido do informe presentado pola Consellería do Medio Rural no Consello da Xunta de Galicia, o día 14 de decembro de 2017, en relación coa execución da medida do Programa Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, a valoración do Goberno galego e os datos ao respecto [122602](#)

I 37461 (10/POC-005924)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre os mecanismos de control que está a aplicar a Consellería do Medio Rural para coñecer a expansión xeográfica da couza asiática do buxo, os concellos afectados por esa praga e a posta en marcha dalgún programa ou convenio coa universidade ou os centros de investigación co obxecto de procurar algún outro tipo de solución para a súa erradicación [122604](#)

I 37474 (10/POC-005925)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre o nivel de cumprimento actual do obxectivo de mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago, reflectido na liña estratéxica 3.1 do apartado 7 do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021 [122606](#)

I 37483 (10/POC-005926)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propoñer a Unión Europea e a súa distribución en España, así como as actuacións previstas ao respecto [122608](#)

I 37484 (10/POC-005927)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina na área da serra da Capelada, así como os datos referidos ás explotacións afectadas pola enfermidade e os animais que tiveron que ser sacrificados nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018 [122610](#)

I 37485 (10/POC-005928)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a avespa velutina, así como os datos ao respecto [122612](#)

I 37488 (10/POC-005929)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do impacto do novo plan forestal no colectivo de mulleres relacionadas co monte galego [122614](#)

I 37537 (10/POC-005930)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de implantación e os resultados obtidos nos dous anos de vixencia do Plan de dinamización do galego no tecido económico [122617](#)

I 37541 (10/POC-005932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante do Goberno central para o cumprimento do acordo parlamentario do 10 de xuño de 2018 en relación coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público [122619](#)

I 37549 (10/POC-005933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do conflito laboral existente e da negociación que se está a levar a cabo para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto [122621](#)

I 37582 (10/POC-005934)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á incidencia que vai ter a avespa velutina en Galicia durante os meses de outono, a avaliación que fai dos efectos do tramepo e os métodos de loita explorados, así como os resultados obtidos con cada un deles e as súas intencións respecto do incremento dos medios materiais e económicos dos investigadores [122625](#)

I 37587 (10/POC-005935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a aplicación polo Goberno galego na actualidade do plan de erradicación e control da herba da Pampa, en Galicia e, se é o caso, os seus resultados e a remisión aos concellos, en particular á Alcaldía de Sanxenxo, do folleto da Consellería do Medio Rural con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación, así como o coñecemento da situación do polígono de Nantes, asolagado por esa especie [122628](#)

I 37594 (10/POC-005936)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 5 máis**

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula o Decreto de servizos mínimos para a xornada de folga das mulleres convocada o pasado 8 de marzo de 2018 [122630](#)

I 37596 (10/POC-005937)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o exercicio do dereito á folga do persoal das institucións públicas, así como a súa opinión respecto dos servizos mínimos que se deberían establecer na Administración autonómica e na CRTVG [122634](#)

I 37600 (10/POC-005938)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis**

Sobre o balance da Xunta de Galicia en relación coas convocatorias de subvencións dirixidas ás entidades locais para a formación dos seus empregados públicos realizadas durante os últimos catro anos [122637](#)

I 37601 (10/POC-005939)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis**

Sobre o estado de tramitación e as principais novidades que vai introducir o novo decreto anunciado pola Consellería de Facenda na provisión das xefaturas de servizo na Administración galega [122639](#)

I 37605 (10/POC-005940)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e 7 máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema universitario de Galicia 2013-2014 [122641](#)

I 37614 (10/POC-005941)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e as que está a desenvolver a Xunta de Galicia respecto do pazo de Meirás [122643](#)

I 37617 (10/POC-005942)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas das ANPA e das comunidades educativas de diversos centros de ensino referidas ao incremento do persoal docente [122646](#)

I 37628 (10/POC-005943)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da porcentaxe de persoas viaxeiras que se hospedaron en aloxamentos xestionados pola empresa Airbnb, así como da súa posible incidencia na baixada en Galicia do número de persoas usuarias de hoteis [122649](#)

I 37650 (10/POC-005944)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre o número de menores estranxeiros non acompañados que residen na actualidade en Galicia, as medidas do Goberno galego para a súa protección e os datos referidos ao posible acollemento de máis poboación deste tipo na nosa comunidade autónoma, así como as propostas que vai presentar ao respecto na vindeira reunión do Consello Territorial [122652](#)

I 37654 (10/POC-005945)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón**

Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para evitar as multas da Inspección de Traballo ás persoas viticultoras pola colaboración de familiares e veciños nos labores de recollida da uva [122655](#)

I 37672 (10/POC-005946)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre a información, as actuacións que está a levar a cabo e as medidas adoptadas, así como as previstas, pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coas verteduras sen depurar procedentes do polígono industrial de Melide que se están a realizar a un regato que verte no río Furelos, afluente do río Ulla [122657](#)

I 37676 (10/POC-005947)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e 2 máis**

Sobre os datos referidos ao procedemento seguido para a execución dos traballos de reforzo do firme, perfilado das beiravías e repintado da sinalización horizontal na estrada autonómica AC-564, que comunica a AP-9 no concello de Cabanas coa AG-64 no concello das Pontes de García Rodríguez [122660](#)

I 37686 (10/POC-005948)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e 5 máis**

Sobre o cumprimento da lexislación vixente no vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, no referido á realización das probas necesarias para a admisión de residuos e a xestión do amianto [122662](#)

I 37689 (10/POC-005949)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre os datos referidos ás listaxes de espera para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira nas escolas oficiais de idiomas [122667](#)

I 37697 (10/POC-005950)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e 5 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á creación de novos de puntos de encontro familiar, a realización dalgún estudo para a posta en marcha de novas fórmulas de puntos de encontro itinerantes que permitan mellorar o acceso da cidadanía a estes servizos e as súas intencións respecto da implantación do solicitado no concello de Cangas [122669](#)

I 37704 (10/POC-005951)**Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre a decisión de substituír as traballadoras da TVG que exerceron o seu dereito á folga o día 8 de mazo de 2018 [122672](#)

I 37707 (10/POC-005952)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl**

Sobre o número de trampas que ten colocadas na actualidade a Consellería do Medio Rural para controlar e erradicar a praga de couza guatemalteca da pataca, os datos referidos ás capturas realizadas no ano 2018 e a opinión do Goberno galego ao respecto, así como a situación actual da praga, o prazo previsto para a súa total eliminación e a posta en marcha de novas medidas para ese fin [122675](#)

I 37719 (10/POC-005953)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación do Centro Galego de Desenvolvemento Integral, Cegadi, do equipamento necesario para ofertar terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía, como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía [122677](#)

I 37725 (10/POC-005954)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos reflectidos na Enquisa de poboación activa correspondente ao segundo trimestre de 2018, referidos á perda de persoas ocupadas no mar, o estancamento na recuperación de afiliados ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social desde 2015 e a perda de permisos de marisqueo de mulleres desde o ano 2009 ata a actualidade, así como as medidas previstas ao respecto [122680](#)

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

I Sesión plenaria (día 9 de outubro de 2018, ás 10.00 horas)

[122569](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 2 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 37329 (10/POC-005910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as razóns do agrupamento do alumnado de 3º e 4º de Atención Primaria no CEIP Antonio Blanco Rodríguez, do concello de Covelo, a posible modificación pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos criterios ao respecto para Educación Infantil e/ou Educación Primaria, e, se é o caso, os cambios introducidos, a súa negociación e a data de inicio da súa aplicación
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37358 (10/POC-005911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do estado de deterioración e carencias que presenta o Centro de Saúde de Cee, o mantemento dalgún contacto co Concello ao respecto e as xestións que vai levar a cabo para evitar os inconvenientes e perigos que ocasiona esa situación, así como as previsións respecto da dotación dun servizo de ortopantomografía e a asunción da súa xestión directa
Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 37363 (10/POC-005913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da realización dunha planificación en materia de estradas de competencia autonómica e a súa opinión en relación coa vixencia actual do Plan MOVE
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37416 (10/POC-005914)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da apertura dun novo proceso de diálogo co Concello de Narón e coa veciñanza afectada co fin de acordar un novo proxecto para a senda peonil do Val que minimize as afeccións e mellore a seguridade viaria
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37421 (10/POC-005915)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa evolución que presenta o investimento estranxeiro en Galicia no período 1993-2017 e no primeiro semestre de 2018 en relación co conxunto do Estado, así como os resultados da entrada en vigor Lei de fomento empresarial no que atinxe á captación do investimento estranxeiro recibido por Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 37424 (10/POC-005916)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a dispoñibilidade por Portos de Galicia dalgún proxecto para o arranxo da Casa do Reloxo, situada no concello de Mugarodos, así como a valoración polo Goberno galego da posibilidade de colaboración coa Administración local para a súa rehabilitación e posterior uso polo Concello

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 37425 (10/POC-005917)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha medida de discriminación positiva para promocionar a venda dos produtos hortícolas dos pequenos produtores, así como as súas intencións referidas á axuda para incorporalos á venda de produtos nas grandes superficies comerciais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37430 (10/POC-005918)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre os datos referidos ás granxas que teñen como actividade principal ou secundaria o gando ovino e cabrún con actividade desde o ano 2012 e existentes na actualidade en Galicia, así como ao volume de produción declarado, á súa facturación e ao prezo de venda nos últimos doce meses

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37446 (10/POC-005919)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da creación nos centros de formación e experimentación agroforestal dun módulo específico en gandaría ovina e caprina, así como sobre a achega de fondos, impulso e promoción da marca de garantía Pastores de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37453 (10/POC-005920)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre os criterios de selección das actividades, establecementos, produtos ou instalacións fixados dentro de cada un dos plans de inspección da Xunta de Galicia en materia de seguridade industrial, a realización pola Consellería de Industria de inspeccións extraordinarias das instalacións industriais de tratamento de residuos do Grupo Couceiro con motivo dos incendios acontecidos nos anos 2008

e 2014 e as razóns de que non se inclúa este grupo no plan de labores de inspeccións extraordinarias, particularmente no plan de inspección de 2017

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 37457 (10/POC-005921)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as razóns da diferenza existente entre o prezo do leite en Galicia no ano 2017 e o da media do Estado, as actuacións que está a levar a cabo a Consellería do Medio Rural para equilibrar a fenda de prezos entre comunidades autónomas e mellorar a situación dos gandeiros galegos, así como as previstas para frear o peche de explotacións e reverter a situación actual

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37458 (10/POC-005922)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre o financiamento asignado a cada un dos vinte e catro grupos de desenvolvemento rural con cargo á medida Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, os proxectos financiados, así como os que quedaron sen financiamento en cada un deses grupos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37460 (10/POC-005923)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre o contido do informe presentado pola Consellería do Medio Rural no Consello da Xunta de Galicia, o día 14 de decembro de 2017, en relación coa execución da medida do Programa Leader de desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, a valoración do Goberno galego e os datos ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37461 (10/POC-005924)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre os mecanismos de control que está a aplicar a Consellería do Medio Rural para coñecer a expansión xeográfica da couza asiática do buxo, os concellos afectados por esa praga e a posta en marcha dalgún programa ou convenio coa universidade ou os centros de investigación co obxecto de procurar algún outro tipo de solución para a súa erradicación

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37474 (10/POC-005925)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre o nivel de cumprimento actual do obxectivo de mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago, reflectido na liña estratéxica 3.1 do apartado 7 do Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 37483 (10/POC-005926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación coa redución do orzamento da Política Agraria Común que está a propoñer a Unión Europea e a súa distribución en España, así como as actuacións previstas ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37484 (10/POC-005927)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina na área da serra da Capelada, así como os datos referidos ás explotacións afectadas pola enfermidade e os animais que tiveron que ser sacrificados nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37485 (10/POC-005928)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a avespa velutina, así como os datos ao respecto

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37488 (10/POC-005929)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do impacto do novo plan forestal no colectivo de mulleres relacionadas co monte galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37537 (10/POC-005930)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de implantación e os resultados obtidos nos dous anos de vixencia do Plan de dinamización do galego no tecido económico

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37541 (10/POC-005932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia diante do Goberno central para o cumprimento do acordo parlamentario do 10 de xuño de 2018 en relación coa recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37549 (10/POC-005933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego do conflito laboral existente e da negociación que se está a levar a cabo para o establecemento dun novo acordo salarial para o persoal da industria auxiliar de Navantia na ría de Ferrol, así como as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 37582 (10/POC-005934)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á incidencia que vai ter a avespa velutina en Galicia durante os meses de outono, a avaliación que fai dos efectos do trampeo e os métodos de loita explorados, así como os resultados obtidos con cada un deles e as súas intencións respecto do incremento dos medios materiais e económicos dos investigadores

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37587 (10/POC-005935)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a aplicación polo Goberno galego na actualidade do plan de erradicación e control da herba da Pampa, en Galicia e, se é o caso, os seus resultados e a remisión aos concellos, en particular á Alcaldía de Sanxenxo, do folleto da Consellería do Medio Rural con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación, así como o coñecemento da situación do polígono de Nantes, asolagado por esa especie

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37594 (10/POC-005936)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anula o Decreto de servizos mínimos para a xornada de folga das mulleres convocada o pasado 8 de marzo de 2018

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37596 (10/POC-005937)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para garantir o exercicio do dereito á folga do persoal das institucións públicas, así como a súa opinión respecto dos servizos mínimos que se deberían establecer na Administración autonómica e na CRTVG

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37600 (10/POC-005938)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis

Sobre o balance da Xunta de Galicia en relación coas convocatorias de subvencións dirixidas ás entidades locais para a formación dos seus empregados públicos realizadas durante os últimos catro anos
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37601 (10/POC-005939)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Moreira Ferro, Jacobo e 6 máis

Sobre o estado de tramitación e as principais novidades que vai introducir o novo decreto anunciado pola Consellería de Facenda na provisión das xefaturas de servizo na Administración galega
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37605 (10/POC-005940)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos reflectidos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia no estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema universitario de Galicia 2013-2014

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37614 (10/POC-005941)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 6 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as que está a desenvolver a Xunta de Galicia respecto do pazo de Meirás

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37617 (10/POC-005942)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para atender as demandas das ANPA e das comunidades educativas de diversos centros de ensino referidas ao incremento do persoal docente

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37628 (10/POC-005943)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da porcentaxe de persoas viaxeiras que se hospedaron en aloxamentos xestionados pola empresa Airbnb, así como da súa posible incidencia na baixada en Galicia do número de persoas usuarias de hoteis

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 37650 (10/POC-005944)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre o número de menores estranxeiros non acompañados que residen na actualidade en Galicia, as medidas do Goberno galego para a súa protección e os datos referidos ao posible acollemento

de máis poboación deste tipo na nosa comunidade autónoma, así como as propostas que vai presentar ao respecto na vindeira reunión do Consello Territorial
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37654 (10/POC-005945)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Sánchez García, Antón

Sobre o mecanismo previsto polo Goberno galego para evitar as multas da Inspección de Traballo ás persoas viticultoras pola colaboración de familiares e veciños nos labores de recollida da uva
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37672 (10/POC-005946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a información, as actuacións que está a levar a cabo e as medidas adoptadas, así como as previstas, pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coas verteduras sen depurar procedentes do polígono industrial de Melide que se están a realizar a un regato que verte no río Furelos, afluente do río Ulla

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37676 (10/POC-005947)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos ao procedemento seguido para a execución dos traballos de reforzo do firme, perfilado das beiravías e repintado da sinalización horizontal na estrada autonómica AC-564, que comunica a AP-9 no concello de Cabanas coa AG-64 no concello das Pontes de García Rodríguez
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37686 (10/POC-005948)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o cumprimento da lexislación vixente no vertedoiro da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa, no concello de Santiago de Compostela, no referido á realización das probas necesarias para a admisión de residuos e a xestión do amianto

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 37689 (10/POC-005949)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos referidos ás listaxes de espera para a aprendizaxe dunha lingua estranxeira nas escolas oficiais de idiomas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 37697 (10/POC-005950)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á creación de novos de puntos de encontro familiar, a realización dalgún estudo para a posta en marcha de novas fórmulas de puntos de encontro itinerantes que permitan mellorar o acceso da cidadanía a estes servizos e as súas intencións respecto da implantación do solicitado no concello de Cangas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37704 (10/POC-005951)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a decisión de substituír as traballadoras da TVG que exerceron o seu dereito á folga o día 8 de marzo de 2018

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 37707 (10/POC-005952)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Fernández Fernández, Raúl

Sobre o número de trampas que ten colocadas na actualidade a Consellería do Medio Rural para controlar e erradicar a praga de couza guatemalteca da pataca, os datos referidos ás capturas realizadas no ano 2018 e a opinión do Goberno galego ao respecto, así como a situación actual da praga, o prazo previsto para a súa total eliminación e a posta en marcha de novas medidas para ese fin

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 37719 (10/POC-005953)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a dotación do Centro Galego de Desenvolvemento Integral, Cegadi, do equipamento necesario para ofertar terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía, como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 37725 (10/POC-005954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración do Goberno galego en relación cos datos reflectidos na Enquisa de poboación activa correspondente ao segundo trimestre de 2018, referidos á perda de persoas ocupadas no mar, o estancamento na recuperación de afiliados ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social desde 2015 e a perda de permisos de marisqueo de mulleres desde o ano 2009 ata a actualidade, así como as medidas previstas ao respecto

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 9 de outubro de 2018, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 9 de outubro de 2018, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 18 de setembro de 2018, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 36952, 10/DEBA-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Segundo se ten trasladado a este grupo parlamentario, o CEIP Antonio Blanco Rodríguez no concello de Covelo (Pontevedra) viuse obrigado a agrupar o alumnado dos cursos 3º e 4º de educación primaria.

Esta situación ten provocado que, incluso, o Partido Popular deste concello apoiase unha iniciativa na que amosan o apoio da corporación municipal aos pais e nais do alumnado deses dous cursos, amosan o seu desacordo coa unificación dos cursos e solicitan á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que se manteñan ambos cursos separados así como o profesorado necesario para esa medida.

Segundo se nos informou, neste centro hai matriculado o seguinte alumnado:

Curso	1º Ed. Pri.	2º Ed. Pri.	3º Ed. Pri.	4º Ed. Pri.	5º Ed. Pri.	6º Ed. Pri.
Alumnado	9	11	12	9	13	15

polo que a agrupación do alumnado de 3º e 4º supón a conformación dun único grupo con 21 alumnos, ratio que supera o establecido para agrupar alumnado de educación primaria segundo os criterios que se viñan empregando.

A redución de oferta educativa nos concellos, en calquera das súas posibles vías, afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este grupo parlamentario.

Ante a situación exposta o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1ª) Ten modificado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria os criterios para agrupar ao alumnado de educación infantil e/ou educación primaria?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) De ter sido así, cales son eses criterios, como se negociaron e dende cando se aplican?

3ª) Se non se modificaron, cal é a razón que xustifica ese agrupamento en 3º e 4º cursos con 21 alumnos no CEIP de Covelo?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 20/09/2018 18:45:06

Maria de la Concepción Burgo López na data 20/09/2018 18:45:15

Patricia Vilán Lorenzo na data 20/09/2018 18:45:27

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A situación do centro de saúde de Cee é bastante lamentable, hai numerosos problemas derivados dunha xestión que se baseou en “parchear” os problemas que ían xurdindo, e agora precisa dunha reparación integral que permita devolverlle as garantías de prestación do servizo en condicións de hixiene e seguridade óptimas.

Así, simplemente por enumerar as máis evidentes, destacaríamos:

-As paredes e teitos de todo o edificio están cubertas de enormes manchas negras de humidade, que fan dudar sobre as condicións de hixiene que un centro de saúde debería cumprir..

-Naquelas paredes que están recubertas de azulexo, son varias as zonas espidas, que foron perdendo pezas e mostran agora no seu lugar, unicamente cemento. Nalgún caso, as tubarias están á vista xa que foron picadas para realizar unha reparación e nunca foron recubertas novamente de azulexo.

-Nos aseos as pezas están totalmente oxidadas.

-A caldeira está nun estado tan deteriorado que xa non funciona. Iso ten como consecuencia que as amplas salas de espera, sexan moi frías, isto é unha das queixas recorrentes das persoas usuarias do centro, especialmente nos meses de inverno.

-A humidade provoca que o chan sexa moi esvaradío, hai que recordar que este centro atende a máis de 8.000 persoas entre elas maiores, e embarazadas.



Grupo Parlamentario

-A inexistencia dunha sala de emerxencias, provoca que no caso que se produza unha, é preciso desaloxar a sala de enfermería.

-O centro non pode realizar ortopantomografías por non dispor da tecnoloxía necesaria. As persoas doentes teñen que asumir os custes do desprazamento, así como o atraso derivado.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

É preciso, polo tanto, acometer o investimento preciso que dote ás instalacións do necesario illamento.

Ante esta situación as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) È coñecedor o Goberno galego do lamentable estado no que se atopa o centro de saúde de Cee?

2ª) Mantivo o Goberno galego algún contacto co Concello de Cee en relación a esta lamentable situación de deterioro?

3ª) Vai levar a cabo o Goberno galego algún tipo de xestión para evitar os graves inconvenientes e perigos derivados do mal estado do centro de saúde de Cee, se for o caso, cando?

4ª) Vai o Goberno galego dotar o centro de saúde de Cee do servizo de ortopantomografía?

5ª) Vai asumir o Goberno galego a xestión do centro de saúde de Cee, se é o caso, cando?

Pazo do Parlamento, 20 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

María Dolores Toja Suárez na data 21/09/2018 13:46:19

Julio Torrado Quintela na data 21/09/2018 13:46:29

Noela Blanco Rodríguez na data 21/09/2018 13:46:36

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O denominado Plan MOVE presentado no primeiro Goberno Feijóo, contiña as previsións que en materia de estradas acometería a Xunta de Galicia nos seguintes anos. Tales actuacións resultaron en gran medida paralizadas, dados os recortes orzamentarios que nesta materia aprobou ano tras ano o Goberno autonómico.

Xa en outubro de 2010 contemplábase polo propio executivo galego unha rebaixa das propostas iniciais, que supuxeron unha minoración de 621 millóns de euros sobre os 4.265 millóns de euros previstos no ano anterior. Despois, pola vía dos feitos, volveron a recortar esas contías, sen que a Xunta de Galicia dese conta de ningún proceso de planificación.

Pero incluso esas previsións, que abarcaban ata o ano 2020, non se cumpriron, pois están pendentes de acometer unha maioría de obras viarias en estradas autonómicas, pese ao tempo transcorrido, e que constitúen infraestruturas básicas para moitos concellos e comarcas de Galicia.

Se no ano 2009, co primeiro Goberno Feijóo, o programa de construción e conservación en materia de estradas alcanzara os 419 millóns de euros, tal importe foi reducido practicamente á metade en anos posteriores, e incluso na actualidade (para o ano 2018) é, en termos reais, un 45 % inferior. O referido ás infraestruturas viarias foi un dos capítulos máis afectados á baixa polos recortes.

Faise pois preciso non esperar máis tempo e, segundo manifestación de responsables autonómicos, unha vez rematada a crise, que pola Xunta de Galicia se acometan as actuacións en estradas, dando a coñecer as previsións que a Xunta de Galicia ten ao respecto.

Grupo Parlamentario

Cabe recordar que a lexislación en materia de estradas da Comunidade Autónoma, tanto a actual *Lei 8/2013* como a anterior *Lei 4/1994*, contiña os requisitos legais básicos e trámites que debora ter unha planificación en materia das estradas por parte da Xunta de Galicia, sen que tales previsións nunca foran levadas a cabo polos gobernos presididos por Núñez

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Plan MOVE inicial contiña diversos programas que establecían un montante de 4.265 millóns de euros (do ano 2009) de investimento para ser realizado entre os anos 2010 e 2015. Cabe destacar o “*Programa de vías altas prestacións*” que alcanzaban novas actuacións para a execución de 580 km., dos cales nunha porcentaxe do 70 % está pendente de executar, pese a que xa deberían estar realizadas na actualidade, ou, cando menos, en fase de licitación ou executándose. Actuacións todas elas importantes pero que están pendentes, como igualmente o están as actuacións denominada como de “*Programa de vías estruturantes*” de 265 km., cuxo nivel de execución das conexións e variantes diversas é aínda máis baixo.

O certo é que na actualidade é descoñecida calquera planificación que a Xunta de Galicia teña no relativo as súas estradas, descoñecendo cales serán as actuacións que nesta materia ten previsto acometer o executivo autonómico, así como o ritmo e calendario que imprimirá a tales investimentos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Ten previsto o Goberno galego realizar unha planificación en materia de estradas de competencia autonómica?
- 2ª) De ser así, que prazos ten previstos para os diversos trámites?
- 3ª) Cumpriranse as disposicións legais a respecto?
- 4ª) Considera aínda vixente o denominado Plan MOVE?

Pazo do Parlamento, 21 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 21/09/2018 19:02:27

María Luisa Pierres López na data 21/09/2018 19:02:34

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 11:32
Nº Rexistro: 37416
Data envío: 24/09/2018 11:32:14.378

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

A Xunta de Galiza promove na comarca de Ferrol diversas actuacións de construción de beirarrúas que forman parte do denominado Plan de sendas de Galiza. Unha destas actuacións é a beirarrúa de algo máis de dous quilómetros de lonxitude entre Río do Pozo (AC-116) e a estrada de Baltar (AC-114).

O BNG presentou en maio do 2018 unha moción No concello de Narón (xunto con Tega e PSOE e aprobada por unanimidade) na que se instaba á Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galiza a abrir unha vía de diálogo coas veciñas e veciños afectados pola senda peonil proxectada pola xunta nas estradas AC-116 e AC-114, buscando diminuír a afección do proxecto. Esta iniciativa é consecuencia da deixadez de funcións da Consellería de infraestruturas da Xunta de Galiza, que non puxo todos os medios necesarios e posibles para atender as reclamacións e chegar a unha saída negociada coa veciñanza que se sentía afectada.

Resulta preocupante perder unha inversión de máis de 700.000 euros na parroquia do Val, que, ademais traería consigo a execución dun tramo do saneamento na zona de Baltar, por culpa da negligencia da Xunta de Galiza do PP. Por iso, o BNG lamenta que o proxecto da senda peonil poida paralizarse definitivamente pola incapacidade da Xunta de modificalo e consensualo.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como preocupante que a Consellería decidise realizar unha deixadez de funcións; por un lado, levantarse da mesa e non querer explorar vías de reforma do proxecto, e por outro lado, por instar a outra institución a realizar o seu traballo (textualmente, na nota de prensa da Xunta do pasado 11 de setembro, di: “A conselleira de Infraestruturas convidou ao Concello a traballar polo consenso cos veciños e a deseñar un novo proxecto que cumpra os requisitos de mellora da seguridade viaria que conte coa súa aceptación e poida ser executado pola Xunta”).

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Ten previsto a Xunta de Galiza abrir un novo proceso de diálogo co concello de Narón e coa veciñanza afectada polo proxecto de senda peonil do Val, co obxecto de acordar un novo proxecto que minimize as afeccións e cumpra a función de mellorar a seguranza viaria?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2018 11:32
Nº Rexistro: 37416
Data envío: 24/09/2018 11:32:14.378

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2018 11:18:16

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2018 11:18:37

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2018 11:18:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2018 11:18:41

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2018 11:18:43

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2018 11:18:45

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e **Julia Torregrosa Sañudo**, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 3.^a**

A Xunta, abandeira a política da internacionalización das nosas empresas e a captación de investimento exterior, mais a realidade amósanos o fracaso desa política levada a cabo.

Se temos en conta o período para o cal a base de datos Datainvex proporciona información, poderase destacar que para os anos 1993-2017 Galicia recibiu o 0,71% do investimento bruto no Estado. Isto supón que Galicia foi o destino de 3.930 millóns de euros dun total recibido para o conxunto do Estado de 550.496 millóns de euros.

Estes datos adquiren unha dimensión moito mais negativa cando se comparan co investimento estranxeiro que recibiron outros territorios. Así a Comunidade de Madrid recibiu o 52,4%, mentres que o recibido por Cataluña representa o 14,6%. Pero ademais, destaca o feito de que o investimento bruto de Galicia no estranxeiro supera amplamente o investimento foráneo; o saldo para o conxunto do período indica que Galicia investiu no estranxeiro mais de 13.400 millóns de euros do recibido. Como media, a Comunidade Autónoma recibiu un investimento de 157 millóns de euros, mentres que o investimento medio no estranxeiro acadou os 694 millóns.

O problema parece que aínda se acentúa mais no primeiro semestre do ano 2018. Unha vez posta en marcha a Lei de Fomento Empresarial impulsada pola Xunta, Galicia ven de captar no primeiro semestre un total de 32,6 millóns de euros de investimento estranxeiro. Tendo en conta que o recibido polo conxunto da



economía española foi de 12.000 millóns de euros, o captado por Galicia soamente representa o 0,27 %. Cifra que representa un terzo do investimento estranxeiro recibido por Galicia no primeiro semestre do ano 2017, cando aínda non fora posta en marcha a Lei de Fomento empresarial.

Pero a estes datos tan negativos para Galicia haille que engadir o feito de que unha gran maioría de investimento estranxeiro chegado a Galicia non vai destinado a creación de novas empresas, senón que ten como principal obxectivo a compra de empresas. Por exemplo, no ano 2015 destaca a compra realizada polo grupo chinés, China Sonangol, dos estaleiros do grupo Rodman e no ano 2017, de novo un grupo chinés, merca por 61 millóns de euros a conserveira Albo.

Galicia, pois, non se posiciona como un territorio atractivo para o investimento estranxeiro senón que o que se está a producir é a venda de empresas de capital galego a fondos de investimento estranxeiros. Os datos indican que a partir do ano 2009, e en especial a partir da desaparición das Caixas de Aforro, os fondos de investimento estranxeiro controlan un volume de negocio en Galicia que superan os 3.000 millóns de euros.

Este feito pon de manifesto que o capital estranxeiro que chega a Galicia non ten porque supoñer a creación de novo emprego nin a creación de novas liñas de negocio, senón que ten como principal obxectivo mercar aquelas empresas, ou facerse co control das mesmas, que son claves para o tecido produtivo galego pero que non poden seguir desenvolvendo a súa actividade debido, principalmente, á falta de capital financeiro no propio territorio.

Finalmente, cómpre tamén sinalar que o impacto do investimento estranxeiro na economía galega é moito menor ca no conxunto do Estado. Deste xeito, como sinala o Foro Económico de Galicia, a cifra de negocio do investimento estranxeiro en Galicia supón o 12,8% do total do territorio fronte ao 28,7 no



conxunto das CCAA. As persoas ocupadas representan o 4,3% fronte ao 13,3% do conxunto do Estado.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno da Xunta sobre a evolución do investimento estranxeiro en Galicia?
2. Que valoración fai o Goberno da Xunta sobre a evolución do investimento estranxeiro en Galicia no primeiro semestre do ano 2018?
3. Cal é a opinión do Goberno da Xunta sobre o feito de que o investimento estranxeiro soamente represente en Galicia o 0,71% do total recibido polo conxunto do Estado para o período 1993-2017?
4. Cal é a opinión que lle merece á Xunta que o investimento estranxeiro no primeiro semestre do ano 2018 represente menos dun terzo do acadado para o mesmo período do ano 2017?
5. Como relaciona a Xunta estes datos do ano 2018 coa Lei de Fomento Empresarial?
6. Como valora a Xunta os resultados ofrecidos pola Lei de Fomento Empresarial en relación á captación de investimento estranxeiro recibido por Galicia?
7. Cal é a valoración do Goberno da Xunta con respecto a que o capital estranxeiro que chega a Galicia teña como único obxectivo mercar empresas?
8. Ante os datos, considera o Goberno da Xunta que as políticas de atracción de investimento estranxeiro foron axeitas?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.



Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 24/09/2018 12:34:07

Julia Torregrosa Sañudo na data 24/09/2018 12:34:22

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

A Casa do Reloxo, no concello coruñés de Mugar dos, é unha instalación de Portos de Galicia, que nunca tivo uso municipal nin sequera cesión. Unicamente estivo a oficina de turismo un par de anos, e na actualidade está ocupada por unha pequena oficina da Policía Portuaria.

O PSdeG-PSOE de Mugar dos amosase dende hai anos preocupado polo estado de abandono no que se atopa este edificio público, xa que forma parte da fachada marítima do pobo, é un edificio emblemático e pódese utilizar e rendibilizar para oficinas municipais ou/e acoller calquera outra actividade.

Portos de Galicia non investiu nin un só euro neste inmovible dende hai máis de 20 anos, agás nunha parte que teñen na planta baixa onde se atopa unha oficina de Portos de Galicia (onde se realizan diversos trámites). O resto do edificio está completamente abandonado, sen entrar en detalles en canto ao cumprimento ou non das diversas normativas (riscos laborais, accesibilidade, etc).

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten Portos de Galicia algún proxecto para a Casa do Reloxo, dado que o estado no que se atopa é lamentable e ruinoso, en caso afirmativo, cal é, e en que prazo?

2ª) Ten valorado o Goberno galego a través de Portos de Galicia a posibilidade de colaboración entre a Administración autonómica e a local para a súa rehabilitación e posterior utilización polo Concello?



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 12:43:21

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez na data 24/09/2018 12:43:26

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A pesares de que se reduce a superficie dedicada á agricultura, segundo diferentes informes (por exemplo, Ministerio de Agricultura), a horta galega está a repuntar. A maioría dos produtos “estrela” da nosa horta teñen unha saída moi superior en comparación á de anos atrás, aínda que non todos. Vexamos, por exemplo, a produción de tomate en 2016, en comparación co 2008, aumentou un 3 %; a do pemento case un 70 %; ou a de leituga un 40 % máis; mentres que a cebola diminuíu case un 55 %; ou o grelo un 15 %.

Hai un factor que empuxou ao repunte deste sector, a crise económica que “contribuíu” ao aumento da saída da produción de vexetais e froitos. Porque, a gran perda de postos de traballo, así como a diminución de poder adquisitivo propiciaron que moitos traballadores e traballadoras visen na produción agrícola unha saída ás dificultades económicas que atravesaban. Todo isto está facilitando o relativamente pouco investimento necesario para pór en marcha unha explotación deste tipo e vender os produtos en mercados locais e próximos. O problema é que sacar adiante este tipo de negocios, e máis cando son “complementarios” a outros, é complicado, xa que dependes de moitos factores dificilmente controlables como son as pragas ou a meteoroloxía.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten a Xunta de Galicia algunha medida de discriminación positiva para promocionar a venda de produtos dos pequenos produtores?

2ª) Ten pensado axudalos á súa incorporación á venda de produtos a todas as grandes superficies?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 12:51:44

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 12:52:19

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Galicia alberga cantidade de explotacións de leite e carne nas que conviven con vacas e tenreiros un pequeno número de ovellas e cabras como complemento á actividade principal ou que simplemente teñen estes animais para que aproveiten os pastos sobrantes durante o outono e o inverno.

Na nosa Comunidade, entre o despoboamento do rural e o gran número de explotacións gandeiras que levan pechado nos últimos anos (359 desde xaneiro ata outubro do 2017, segundo datos do MAPAMA), a ovella e a cabra galega son dúas razas autóctonas óptimas para as explotacións en réximes extensivos ou semi-extensivos, cunha grande resistencia á enfermidade; o que as converte en excelentes para o coidado do monte, permitindo por un lado transformar o exceso de matogueira en carne de calidade, fixando poboación, e diminuíndo o risco de incendios.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas granxas que teñen como actividade secundaria a ovina ou a caprina, con actividade desde 2012, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificando por anos e por concellos?

2ª) Cantas granxas que teñen como actividade principal a ovina ou a caprina, con actividade desde 2012, hai en cada unha das provincias de Galicia, especificado por anos e por concellos?

3ª) Cal é o volume de produción declarado por cada una das granxas sinaladas nas preguntas anteriores, e de facturación por este concepto?



Grupo Parlamentario

4ª) Cal é a facturación anual da actividade ovina e cabrún en Galicia desde o 2012, especificado por anualidades?

5ª) Cal é o prezo de venda nos últimos doce meses de cada unha?

6ª) Cal é a porcentaxe de produción galega con respecto ao total nacional?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 12:55:28

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 12:55:41

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Galicia é ben coñecida por albergar unha gran cantidade de explotacións de leite e de carne nas que convive un pequeno número de ovellas e de cabras, na maioría dos casos, son criadas coma un complemento máis da actividade principal. Non obstante, poucas son as explotacións –arredor de 300– que vivan exclusivamente dunha actividade que adoece dunha maior profesionalización e dunha falta de apoio por parte da Administración pública.

A pesar desa falta de profesionalización e apoio público, a realidade actual de Galicia en relación ás explotacións bovinas e caprinas é que Galicia ten arredor de 21.700 explotacións con cabezas de ovellas e cabras –unhas 229.200–, o que supón que case todas as granxas de vacas de carne teñen estes animais e máis do dobre das granxas de leite.

O abandono da Administración a este sector non axuda para nada a que a xente opte por este tipo de explotacións. A falta de medidas para favorecer a súa profesionalización e formación, así como para poñer en valor e promocionar o produto non fan, senón, que complicar máis aínda a aposta dos potenciais novos gandeiros. A marca de garantía de Pastores de Galicia non conta con apenas ningún orzamento público, tal e como se fixera con Galega 100 %, e con Ternera Galega, o que dificulta a súa venda.

As diversas asociacións do sector levan reclamando, sen éxito, un módulo específico de formación en gandería ovina e caprina nos centros de capacitación agraria, tal e como os hai noutras comunidades autónomas como Andalucía ou Aragón.

A pesar deste desleixo por parte da Administración, cada día hai máis xente moza que se incorpora á actividade, xa que, abrir unha explotación é relativamente barato en comparación con outras dedicadas a outros animais. Estas explotacións teñen vantaxes que xogan a favor dos novos produtores xa que os animais non



Grupo Parlamentario

son moi caros, as femias reproducense rápido e a xestación é de 5 meses, polo que a ampliación do rabaño se pode acadar, relativamente, en pouco tempo.

Ademais, o mercado galego é un mercado, hoxe en día, incapaz de cubrir a demanda da carne destes animais. De feito, en Galicia soamente se produce o 26 % da que se consume, tendo que importar o resto doutras comunidades autónomas ou países como Reino Unido ou Nova Zelandia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

E por se fose pouco, o pastoreo destes animais axuda a limpar o monte evitando así os incendios forestais.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia atender as demandas do sector, e crear un módulo específico nos centros de formación e experimentación agroforestal (CFEA) en gandería ovina e caprina, se for o caso, cando?

2ª) Vai a Xunta de Galicia aportar fondos, impulsar e promover a marca de garantía Pastores de Galicia?

3ª) Ten a Xunta de Galicia algún programa en marcha, ou vai poñelo, para facilitar a incorporación de xente nova a este tipo de explotacións, facilitando o relevo xeracional?

4ª) É consciente o Goberno galego de que a oferta actual galega é incapaz de satisfacer as demandas da sociedade galega en relación á carne de ovella e de cabra?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 12:58:34

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 12:58:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O pasado 11 de setembro, produciuse un incendio na nave que a empresa Xesnatura do Grupo Couceiro, dedicada á xestión de residuos e reciclaxe, ten no polígono de As Gándaras no concello de O Porriño. É o terceiro incidente deste tipo que sofren instalacións deste grupo empresarial, dedicada a reciclaxe, un no ano 2008 na mesma nave e outro no ano 2014 nas naves de outra empresa do mesmo grupo empresarial.

Na actuación, deste mes de setembro, os bombeiros e responsables que actuaron detectaron importantes deficiencias de seguridade, como o feito de que os hidrantes de subministración de auga en caso de accidente estaban cubertos polos residuos almacenados, impedindo a súa utilización e dificultando máis a extinción.

Sabemos que segundo o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril), corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de industria, sen prexuízo do que determinen as normas do Estado, no seu artigo 30.1. A norma actual de referencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento desta competencia é o Decreto legislativo 1/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial (DOG 128, 09.07.2015).

Dentro das inspeccións de industria hai dous tipos, as inspeccións ordinarias e inspeccións extraordinarias (artigo 17; coincidentes lembremos en número cos da Lei 9/2004); entre as inspeccións extraordinarias, existe un tipo específico relativo ás inspeccións en caso de accidente. Ademais de establecer para a realización das inspeccións ordinarias (inspeccións con posterioridade á posta en funcionamento),

Grupo Parlamentario

establécense plans e programas de inspección. Do resultado dos plans de inspección, prevese no artigo 26.1 do Decreto lei 1/2015 que se dará conta de forma bianual ao Parlamento de Galicia, por medio da Comisión de Industria.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales teñen sido os criterios de selección das actividades, establecementos, produtos ou instalacións a inspeccionar dentro de cada Plan de inspección da Xunta de Galicia sobre seguridade industrial?
2. Realizou a Consellería de Industria, inspeccións extraordinarias das instalacións industriais de tratamento de residuos do Grupo Couceiro, con ocasión dos incendios acontecidos nos anos 2008 e 2014?
3. Por que non se incluíu a inspección a este grupo, tendo en conta os dous incendios previos, no plan de labores de inspección extraordinaria, en particular no Plan de inspección de 2017?
4. Cal é a razón de que non se teña dado conta de forma bianual ao Parlamento de Galicia, por medio da Comisión de Industria dos resultados dos plans de inspección, tal e como se prevé no artigo 26.1 do Decreto lei 1/2015?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2018 13:02:21



Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:02:26

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Galicia pechou un ano marcado pola estabilización e recuperación dos prezos do leite. Pero, pese a ser a primeira comunidade produtora de todo o Estado, Galicia segue liderando o *ranking* de territorios nos que o prezo da materia prima en orixe é máis baixo.

Só temos que acceder ás táboas do MAPAMA para poder comprobar que so Baleares –que representa menos do 1 % da produción española- queda un pouco por debaixo de Galicia na cotización do ano 2017.

Respecto da media do Estado, o leite cotiza en Galicia 2,23 céntimos por baixo. Aquí a materia prima págase agora no campo a 0,32 euros por litro. Xeralmente, adoita darse unha explicación centrada no carácter periférico da comunidade, non obstante a realidade é unha falta total de xestión, xa que tanto en Castela e León, como en Asturias o prezo medio do leite é maior que o galego.

Polo tanto, que as industrias atribúan ao factor xeográfico este diferencial negativo de que hai que transportar o leite ata os centros industriais empacadores moi lonxe de Galicia, non é aplicable no caso de variacións tan grandes nos prezos.

Resulta evidente que o prezo do leite en Galicia é menor ca no resto de España, e por suposto ca no resto de Europa, situación que se repite ano tras ano.

Grupo Parlamentario

Como xa temos dito noutras ocasións, Galicia segue sen ver repercutida a subida dos prezos de produtos de industria como a manteiga no que se lle paga aos produtores lácteos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A subida máis alta do prezo medio do leite en Galicia en comparación cás outras comunidades autónomas de pouco vale se segue sendo a peor pagada do resto do Estado, só por diante das illas Baleares. Ademais se sumamos o gran peche de explotacións anuais, estamos ante un problema de grandísimas dimensións. Nada novo.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales son as razóns que explican este diferencial, que castiga os gandeiros e gandeiras de Galicia?

2ª) Que esta a facer a Consellería do Medio Rural para equilibrar a fenda de prezos do leite entre comunidades e mellorar a situación dos gandeiros e gandeiras de Galicia?

3ª) Que pensa facer o Goberno galego para frear o peche das explotacións e reverter a situación?

4ª) Por que a Xunta de Galicia non convocou o grupo de traballo do sector lácteo para tratar de atopar posibles solucións á problemática actual?

5ª) Que está a facer o Executivo galego para que a subida dos prezos dos produtos industriais cheguen aos gandeiros e gandeiras?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:



Grupo Parlamentario

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:04:15

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:04:25

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes.

En Galicia creáronse 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para dinamizar o agro galego, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural, sendo os proxectos que reciben apoio por esta vía de carácter produtivo, para fomentar diferentes ramas de actividade, e non produtivo, de tipo social, cultural ou turístico, sendo os principais obxectivos a creación e mantemento de emprego no rural e a mellora da calidade de vida da súa poboación.

No Consello da Xunta de Galicia o 14 de decembro de 2017, o goberno galego avaliou un informe de Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, medida Leader que conta cun orzamento de 84 millóns de euros para o período 2014-2020, e que a Consellería de Medio Rural vai destinar máis de 17,5 millóns de euros no bienio 2018-2019 para financiar diferentes iniciativas para dinamizar o agro galego dentro da medida Leader.

Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.



Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o financiamento asignado para cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Cales foron os proxectos financiados por cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

3ª) Cantos e cales foron os proxectos que quedaron sen financiamento en cada un dos grupos de desenvolvemento rural?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:07:33

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:07:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2018 13:07:51

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2018 13:07:55

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Raúl Fernández Fernández, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O programa Leader persegue un desenvolvemento rural baseado na participación da poboación do territorio, integrando nel todos os recursos e actores económicos e humanos existentes.

En Galicia creáronse 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para dinamizar o agro galego, con socios públicos e privados, que seleccionan os proxectos que lles permiten desenvolver as súas estratexias de desenvolvemento rural, sendo os proxectos que reciben apoio por esta vía de carácter produtivo, para fomentar diferentes ramas de actividade, e non produtivo, de tipo social, cultural ou turístico, sendo os principais obxectivos a creación e mantemento de emprego no rural e a mellora da calidade de vida da súa poboación.

No Consello da Xunta de Galicia o 14 de decembro de 2017, o Goberno galego avaliou un informe do Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego, medida Leader que conta cun orzamento de 84 millóns de euros para o período 2014-2020, e que a Consellería do Medio Rural vai destinar máis de 17,5 millóns de euros no bienio 2018-2019 para financiar diferentes iniciativas para dinamizar o agro galego dentro da medida Leader.

Trátase tamén de favorecer a ocupación sustentable do territorio, prestando atención especial aos colectivos máis desfavorecidos, como as mulleres, os mozos, as persoas con discapacidade ou as persoas maiores.

Outros fins que se perseguen son os de garantir a sustentabilidade da actividade no rural, mediante o coidado e a utilización adecuada dos recursos naturais, potenciar a gobernanza local e a animación social do territorio e contribuír á concienciación e adaptación ante o cambio climático, fomentando o uso de enerxías renovables e a mellora da eficiencia enerxética.

Grupo Parlamentario

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o contido do informe da Consellería do Medio Rural sobre o desenvolvemento rural para dinamizar o agro galego?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Rematado o exercicio 2017, cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia sobre a execución do programa Leader en cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural?

3ª) Cal é a execución orzamentaria dos anos 2014 a 2017 desta medida Leader dotada con 84 millóns de euros para o período 2014-2020?

4ª) Cales son os criterios empregados en cada un dos 24 grupos de desenvolvemento rural (GDR) para a aprobación dos proxectos?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:11:28

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:11:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2018 13:11:47

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2018 13:11:51

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Outra especie invasora chegou a Galicia para acabar coa sebe, cando aínda non se logrou gañar a batalla á avéspera asiática. Trátase da couza asiática do buxo-*Cydalima perspectalis*, no seu nome científico-, á que moitos xa coñecen popularmente como “papabuxos” pola súa rápida acción destrutora sobre os arbustos desta especie arbórea, moi utilizados en parques e xardíns públicos.

Procedente de Asia, non é nova en Europa xa que, localizouse por primeira vez en Alemaña en 2006. De alí deu o salto ao sur do continente, e no 2014 detectouse xa na comunidade galega, no municipio pontevedrés de Tomiño. Dende entón, a imaxe do “papabuxos” saltou con frecuencia aos medios de comunicación polos danos causados a xardíns históricos das Rías Baixas. Pero a acción devastadora da couza asiática seguiu estendéndose pola xeografía galega e hai xa dous anos chegou tamén a Ferrolterra, aínda que de forma moito máis tímida.

Coa chegada da primavera é cando o problema saíu á luz, xa que o ciclo vital da couza asiática esténdese de abril a setembro. Tras pasar o inverno aletargadas, os vermes espertan co bo tempo e aliméntanse vorazmente das follas para formar despois un casulo sedoso e transformarse en couzas. Cando son xa bolboretas, aparéanse e fan postas de ovos no interior das follas, das que nacen novas larvas. O problema é que se reproducen moi rapidamente (este ciclo pode chegar a repetirse tres ou catro veces desde a primavera ata o outono) e, ademais, en Galicia non conta con depredadores naturais, como si ocorre no seu lugar de orixe. Tan só as avéspas asiáticas atacáronas, pero esa é outra especie invasora contra a que tamén se está loitando, polo que non se pode considerar unha boa aliada para erradicar a couza asiática do buxo.



Grupo Parlamentario

Ante esta situación os deputados que asinan preguntan:

1ª) Que mecanismos de control se están levando a cabo pola Consellería de Medio Rural para coñecer a expansión xeografía da couza asiática do buxo?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Cales son os concellos afectados pola praga da couza asiática do buxo?

3ª) Ten posto en marcha a Consellería do Medio Rural algún programa e/ou convenio coa universidade e/ou centros de investigación para atopar algún outro tipo de solución para erradicar a praga da couza asiática do buxo, se for o caso, cales?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:26:45

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:26:59

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan director do Camiño de Santiago 2015-2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

O dito Plan director consta de 4 obxectivos, 5 retos e 4 eixes de desenvolvemento coas súas liñas estratéxicas.

No apartado 7. *Plans de actuación e accións prioritarias*. Contémplase a liña estratéxica 3 -*Conservación e mantemento do Camiño de Santiago*- que recolle no punto 3.1 *mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago* co obxectivo de *planificar e consolidar un servizo de mantemento continuado do Camiño que axude á súa conservación e protección así como establecer un plan de sinalización homoxéneo e garantir a seguridade viaria do peregrino no Camiño de Santiago*.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que nivel de cumprimento do obxectivo de mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago se ten acadado?

2ª) Esta o Camiño de Santiago nas condicións óptimas que se expresan como obxectivo na liña estratéxica 3 -*Conservación e mantemento do Camiño de Santiago*- que recolle no punto 3.1 -*mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago*?



Grupo Parlamentario

3ª Pode garantir a Xunta de Galicia que non existen problemas no mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:34:41

Abel Fermín Losada Álvarez na data 24/09/2018 13:34:50

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Desde os anos 50 que se puxo en marcha a Política Agraria Común (PAC), son moitas as revisións e adaptacións que se levan efectuado. Aínda que a que se está a debater nestes momentos segue pivotando entre os tres principais piares da PAC: axudas directas, xestión de mercados e desenvolvemento rural, esta nova revisión, esperta moitos temores como pode ser a perda de recursos. Esta perda tería un grande impacto ao longo e ancho do noso territorio.

Galicia, pola peculiaridade das súas producións e polo déficit histórico na percepción de axudas da Política Agraria Comunitaria, así como pola redución do orzamento a nivel comunitario xógase moito na negociación e posterior aplicación que a nivel Estado se faga destas axudas, sobre todo no que se refire ás axudas directas (primeiro piar).

De todos é ben coñecido a grande influencia que ten en Galicia a PAC. Por exemplo, no período actual de reparto, 2014 - 2020, Galicia recibirá, previsiblemente, 4.150 millóns de euros, recibindo cada beneficiario uns 5.750 euros anuais. Soamente no último ano, Galicia recibiu fondos da PAC por un total de 190 millóns de euros a repartir entre 33.000 beneficiarios.

O recorte que propón a Comisión Europea é debido ao novo escenario que nos atopamos e ao novo rumbo que quere tomar a UE. Por un lado, atopámonos nun escenario de post BREXIT no que Reino Unido deixará de aportar unha grande suma de fondos ás arcas comunitarias e, por outro lado, o novo rumbo da UE está marcado pola seguridade e defensa común como nova prioridade dos, proximamente, 27 Estados.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:



Grupo Parlamentario

1ª) Cal é a posición da Xunta de Galicia respecto á redución de orzamento da PAC que se está proponendo desde a UE?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Cal é a posición da Xunta de Galicia respecto da distribución da PAC en España?

3ª) Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para evitar a redución do orzamento dedicado á PAC?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:37:56

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:38:08

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A tuberculose bovina (TB) e unha enfermidade crónica dos animais provocada por unha batería chamada *Mycobacterium bovis* (*M. Bovis*), que garda estreita relación coas bacterias causantes das tuberculose humana e aviaria.

O nome de *tuberculose* provén dos nódulos, chamados *tubérculos*, que se forman nos ganglios linfáticos do animal afectado.

A detección dun caso de tuberculose bovina -en xuño de 2016- nunha explotación de vacún, na contorna da serra da Capelada, a Consellería do Medio Rural determinou considerar todo o concello de Cedeira como un foco de infección desta enfermidade. Despois de moitos meses durante os que as explotacións son sometidas a rigorosos controis veterinarios e despois de levar sacrificado arredor de 70 animais, sen que se confirmase ningún novo caso positivo, continúan bloqueados ou semibloqueados no mellor dos casos. Hai explotacións que levan pasando 7 controis de saneamentos nos dous derradeiros anos dando estes controis negativo e continúan bloqueadas parcialmente.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que tipo de medidas esta á adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose na contorna da serra da Capelada?

2ª) Cantas explotacións estiveron ou están afectadas pola tuberculose nos anos 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018 na contorna da serra da Capelada, especificados por concello e data?



Grupo Parlamentario

3ª) Cantos animais tiveron que ser sacrificados pola tuberculose no ano 2016, 2017 e no primeiro semestre de 2018 na contorna da serra da Capelada, especificados por concello e data?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:40:40

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:40:50

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Todos somos coñecedores do gran problema que supón a velutina para o noso rural e en especial para os produtores de mel. É unha batalla de contrarreloxo que precisa de todos os recursos económicos e materiais ao noso alcance para loitar contra esta praga.

Un deses medios utilizados polos apicultores son as arpas, que están salvando a moitos deles. O problema está en que as arpas, ao ser unha medida caseira non está homologada nin lexislada, e no momento en que haxa algún accidente serán retiradas, porque as arpas levan alta tensión e son perigosas no seu manexo (funcionan como os mosquiteiros dos bares).

Moitas delas son feitas na casa, polo que resultan aínda máis perigosas xa que na súa elaboración utilízanse bobinas de coches, de microondas ou con calquera condutor de corrente que se teña á man.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia de que algúns apicultores utilizan as arpas (de elaboración caseira), como sistema de loita contra a vespa velutina?

2ª) É coñecedora a Xunta de Galicia do perigo que pode ter para as persoas a utilización das arpas (de elaboración caseira), en caso afirmativo, que medidas vai adoptar ao respecto?

3ª) Ten a Xunta de Galicia datos relativos á cantidade de arpas que están en funcionamento en Galicia?



Grupo Parlamentario

4ª) Ten a Xunta de Galicia datos sobre quen manexa estas arpas de fabricación caseira, e se contan coas medidas de seguridade apropiadas para o seu uso?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2018

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 24/09/2018 13:45:03

Raúl Fernández Fernández na data 24/09/2018 13:45:12

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**.

Pola Orde do 28 de xuño de 2018 aprobouse inicialmente a primeira revisión do Plan Forestal de Galicia e abriuse o trámite de información pública até o 5 de outubro. O obxectivo fixado pola Xunta sería aprobar a revisión do Plan Forestal a finais de 2018 ou principios de 2019. No documento sometido a exposición pública atopamos que se invisibiliza o importante dobre papel que a muller galega ten no monte, como propietaria e produtora forestal, nun sector clave para a economía galega.

Resulta sorprendente que a Xunta esqueza a integración da perspectiva de xénero nun plan tan importante coma este, que define o futuro do noso monte. A pesar de que a propiedade do monte estea en boa parte en mans de mulleres, a Xunta non integrou a dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento da política forestal e das accións que prevé implementar para o desenvolvemento do Plan Forestal.

A pesar de que o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro recolle a integración transversal do principio de igualdade nas actuacións da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o certo é que non se menciona na documentación sometida a información pública o impacto que esta revisión forestal suporá tanto para mulleres como para homes.



Sen embargo, o documento descoñece que as mulleres ocupan un papel destacado como produtoras, datos que se invisibilizan na documentación do Plan Forestal. En parroquias da Costa da Morte, como Corcoesto, Cereo e Valenza, o 93% do monte está en mans de mulleres.

Ademais, o documento presentado descoñece as eventuais repercusións que en cuestións de xénero vai ter o plan. A pesar de que a Lei fala da consecución da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social, o certo é que tanto o documento de diagnóstico como o de avaliación ambiental e as actuacións previstas non contemplan os impactos que a norma vai a supor para as mulleres galegas, tal e como esixe o artigo 9 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, anteriormente citado.

A Xunta de Galicia continúa na práctica a perpetuar os roles masculinizados e as prácticas patriarcais na elaboración e execución da política económica e de ordenación do territorio en Galicia. É preciso corrixir esta situación de inmediato e que se respecte a lei e a normativa da Unión Europea en materia de igualdade.

Por todos estes motivos presentamos a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Como valora a Xunta de Galicia o impacto do novo Plan Forestal no colectivo de mulleres relacionadas co noso monte?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez,

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 24/09/2018 14:02:16

David Rodríguez Estévez na data 24/09/2018 14:02:28

A Mesa do Parlamento

César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Encarna Amigo Díaz e Martín Fernández Prado, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

O Consello da Xunta aprobou na súa sesión de 4 de agosto de 2016 o Plan de Dinamización da Lingua Galega no Tecido Económico 2016-2020, un documento que recolle as distintas medidas e accións para a implantación e consolidación do uso do idioma galego no sector económico, e que foi acordado e completado coas achegas de 314 axentes implicados no sector económico, ademais do Consello da Cultura Galega e a real academia Galega.

O Plan estrutúrase a través de tres obxectivos estratéxicos principais, nomeadamente crear conciencia de que o uso do galego favorece os resultados e obxectivos empresariais e as relacións laborais, comerciais e bancarias; estender o uso da lingua galega no ámbito económico, nas relacións laborais, comerciais e empresariais, tanto na oferta coma na demanda de produtos e servizos; e utilizar o idioma para impulsar unha imaxe de marca diferencial propia de Galicia e os seus produtos vinculada á calidade e á innovación e que lles transmita confianza ás persoas consumidoras e ao empresariado.

Recentemente veñen de cumprirse dous anos da aprobación do plan e atopámonos no ecuador da súa vixencia temporal, polo que pode ser un momento acaído para facer un balance dos resultados obtidos nesta primeira parte do período de vixencia do plan.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o grao de implantación e os resultados obtidos nestes dous anos de vixencia do Plan de Dinamización do Galego no Tecido Económico?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 25/09/2018 09:35:23

María Antón Vilasánchez na data 25/09/2018 09:35:42

Teresa Egerique Mosquera na data 25/09/2018 09:35:51

Carlos Gómez Salgado na data 25/09/2018 09:36:06

María Isabel Novo Fariña na data 25/09/2018 09:36:16

Antonio Mouriño Villar na data 25/09/2018 09:36:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/09/2018 09:36:39

Martín Fernández Prado na data 25/09/2018 09:36:43

Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Xoaquín Fernández Leiceaga deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.**

No Pleno do Parlamento do 10 de xullo de 2018 aprobouse por unanimidade o seguinte:

«O Parlamento de Galicia, recoñecendo o importante traballo realizado desde hai anos por historiadores e historiadoras, asociacións da memoria histórica, a Xunta pro devolución do Pazo de Meirás, e institucións coma a Deputación da Coruña e o Concello de Sada, entre outros, insta a Xunta de Galicia:

1. A que remita urxentemente o Informe da comisión de expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia, sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, con todos os seus anexos documentais, á Administración xeral do Estado coa petición de que se realicen as accións legais a que fai referencia o informe na súa conclusión final co obxecto de reintegrar as torres ou pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración xeral do Estado.
2. A incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.
3. O Parlamento de Galicia declara a súa vontade de que a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia.»

A aprobación por unanimidade deste texto constitúe un fito importante para conquistar que o Pazo de Meirás sexa devolto ao patrimonio público. Nel

encoméndase á Xunta de Galicia a realizar todas as accións necesarias fronte ao Goberno central para conseguilo.

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que xestións ten levado a cabo a Xunta de Galicia fronte ao Goberno central para cumprir este acordo parlamentario e garantir que o Pazo de Meirás volva ao patrimonio público?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María de la Concepción Burgo López na data 25/09/2018 13:41:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 25/09/2018 13:42:06



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37549
Data envío: 25/09/2018 14:00:38.617

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

No ano 2001 subscribíronse uns acordos entre os sindicatos con representación en Navantía e as empresas auxiliares para regular os salarios do persoal da industria auxiliar. Eses acordos viñan no seu día para homoxeneizar a variada e numerosa tipoloxía de pluses e complementos que este persoal percibía por riba do convenio provincial do metal (convenio sectorial de aplicación), fixando unhas táboas salariais coñecidas desde aquela como Acordos do 2001.

Así é que, despois da entrega do último LHD australiano produciuse o lanzamento ao desemprego da grande maioría do persoal da industria auxiliar, situación que moitos casos prolongouse no tempo máis do que o cobro de prestacións. Moitas empresas aproveitaron esta situación de elevado índice de desemprego e carencia de prestacións para deixar de aplicar os Acordos do 2001 unilateralmente, provocando unha desvalorización salarial no sector con graves repercusións socio-económicas na comarca de Ferrol.

Froito da conflitividade que estes feitos desataron constituíuse un foro entre empresas auxiliares e sindicatos onde se está a negociar un novo acordo salarial para o



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37549
Data envío: 25/09/2018 14:00:38.617

persoal da industria auxiliar co obxectivo de incorporalo (unha vez pechado o acordo) ao convenio de sector.

Que informada a patronal provincial negociadora do convenio ven manifestando reiteradamente a súa negativa a que o antedito acordo chegue a facer parte do mesmo, e que, ademais das empresas auxiliares que actualmente prestan servizos para Navantia e os sindicatos negociadores, destacados representantes da patronal galega do metal (ASIME), e a presidenta do Consello Galego de Relacións Laborais que está a realizar labores de mediación, teñen manifestado a súa opinión favorable ao respecto de integrar os acordos salariais para industria auxiliar de Navantia no Convenio colectivo provincial do metal.

Saber tamén que a industria auxiliar de Navantia pode chegar a empregar 3.000 persoas, polo que as condicións de traballo en xeral, e salariais en particular, deste colectivo teñen unha influencia radical para a economía da comarca de Ferrol.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Ten o Goberno Galego coñecemento da situación actual na que se atopa o conflito e da negociación que se está levando a cabo?
2. Non debería ser obxecto de especial atención por parte da Xunta a incorporación dos acordos ao convenio debido aos desmedidos índices de eventualidade que sofre este persoal, e polo tanto de fragilidade, que provoca que os seus salarios sexan obxecto de discusión permanentemente?
3. Sendo ademais que a industria auxiliar de Navantia pode chegar a empregar a 3.000 persoas na comarca de Ferrol, non considera a Xunta de Galiza que



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37549
Data envío: 25/09/2018 14:00:38.617

debera favorecer a mellora nas condicións laborais das empresas auxiliares do sector naval, sabendo o papel e da influencia radical que o colectivo ten para a economía da comarca?

4. Que actuacións levou a cabo, ou ten pensado levar a cabo a Xunta de Galiza, para favorecer a resolución do conflito e para a integración dos chamados Acordos do 2001 ao marco provincial?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2018 13:58:08

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2018 13:58:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 16:30
Nº Rexistro: 37549
Data envío: 25/09/2018 14:00:38.617

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2018 13:58:14

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2018 13:58:16

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2018 13:58:18

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2018 13:58:19

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.^a**

Fai arredor de sete anos apareceu en Galicia unha especie invasora, a vespa velutina, que prexudica gravemente a apicultura e supón unha ameaza medioambiental de primeira magnitude.

A velutina está incluída no Catálogo Español de especies invasoras, a través do real Decreto 630/2013 de 2 de agosto. A Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad, pola que se crea o catálogo citado, establece a obrigación das administracións de crear medidas de control, xestión e posible erradicación de tales especies.

Porén, as medidas non parece que estean a xurdir efecto. Os datos son alarmantes. No ano 2014 rexistráronse vespas velutina en 70 concellos do noso país; en 2015 estendéronse ata 172. O presente ano, o número de concellos afectados polo insecto invasor é de 252, o 80% do total. En 38 destes concellos a presenza da velutina é masiva, o que significa que neles se atoparon, polo menos, entre 26 e 100 niños.

Polo de agora, non se atopou ningún patrón claro na súa proliferación. Hai moitos concellos afectados no norte do territorio, pero tamén no interior.



A extensión desta especie trae consigo unha serie de prexuízos ambientais e económicos, especialmente para as apicultoras e apicultores, pero non só para eles, xa que ao reducir a poboación das abellas, que son insectos importantes na reprodución vexetal, a invasión está repercutindo na produtividade de moitos cultivos e froiteiros.

Ante esta gravísima situación, o Partido Popular adoptou unha actitude de absoluta pasividade. Así o manifestou a conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, que chegou a dicir que “Esta especie veu para quedar, polo tanto hai que convivir con ela”. A solución do Partido Popular á crise da velutina é que nos vaiamos acostumando.

Desta maneira, explícase que entre xullo de 2018 e xullo de 2017 o 112 recibise case 25.000 avisos pola presenza de avespas velutinas. Os picos de incidencias producíronse no verán e no outono de 2017, con máis de 4.000 chamadas en xullo e agosto, e 3.000 en setembro, novembro e decembro.

Ata o de agora, o método máis empregado para loitar contra a velutina foi o trampeo, que se realiza en primavera aproveitando que as reinas comezan a formar os seus niños. Este procedemento foi adoptado pola Xunta de Galicia e foi acompañado dun protocolo de captura de reinas.

Non obstante, é necesario que se incrementen os medios materiais, persoais e económicos que se dedican á investigación na materia para atopar as mellores solucións.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- Que incidencia da velutina agarda a Xunta de Galicia durante o outono?
- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos efectos do trampeo?
- Cales foron os métodos para loitar contra a velutina que explorou ata o momento a Xunta de Galicia? Que resultados se obtiveron con cada un deles?
- A Xunta de Galicia pensa incrementar os medios materiais e económicos dos que dispoñen os investigadores para que poidan atopar un xeito mellor de loitar contra a velutina? Canto?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2018 17:33:31

David Rodríguez Estévez na data 25/09/2018 17:33:41

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Este Parlamento ten aprobado, por unanimidade e xa en dúas ocasións, a prohibición do uso da cortadera -tamén chamada herba da pampa- e o deseño inmediato dun plan de erradicación e control da mesma en toda Galicia.

Chegou a España como planta de xardín na década dos anos 80 e foise expandindo por toda Galicia. Esta especie exótica procedente da Arxentina é invasora, expándese con facilidade e, cando prende as súas raíces, estas se incrustan na terra de maneira moi profunda. Supón tamén unha grave ameaza para a conservación da biodiversidade. Os científicos advirten de que, canto máis tarde se actúe, maior será o custo para a súa eliminación, xa que a dinámica de crecemento desta especie é moi rápida, e que cortar os plumeiros que ten a planta é só un parche porque volven saír. Medio país anda en guerra cos plumachos, en lugares urbanos, beiras das estradas, desmontes, cultivos abandonados, terreos removidos, espazos forestais periurbanos, zonas de bosques ou plantacións abertas. Tamén en polígonos industriais, tamén no de Nantes, no Concello de Sanxenxo, que se pode describir como “un mar de plumachos”. Polo visto, o folleto con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación da Consellería de Medio Rural aínda non chegou ao actual alcalde.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Está a aplicar o Goberno galego o plan de erradicación e control da cortadera en Galicia? Se a resposta fose positiva, cales son os resultados dese plan?
2. Remitiu o Goberno aos concellos de Galicia o folleto da Consellería de Medio Rural con recomendacións prácticas para a prevención, control e eliminación dos plumachos?
3. Remitiuno á Alcaldía de Sanxenxo?

4. Sabe o Goberno galego cal é a situación do polígono de Nantes (en Sanxenxo), asolagado de herba da pampa?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2018 17:56:37

Julio Torrado Quintela na data 25/09/2018 17:56:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/09/2018 17:56:48

María Luisa Pierres López na data 25/09/2018 17:56:55



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 18:23
Nº Rexistro: 37594
Data envío: 25/09/2018 18:23:41.025

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ao respecto da Xunta de Galiza polos dereitos laborais e a súa inxerencia para evitar a participación de traballadoras na folga feminista do 8 de marzo de 2018.

O pasado 8 de marzo Galiza de 2018 participou de forma ampla e transversal nunha folga feminista internacional e histórica. A administración galega debiera ter sido exemplar canto ao respecto dos dereitos laborais de folga. Porén, segundo informaba a Confederación Intersindical Galega o pasado 21 de setembro de 2018 “*O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza vén de anular o Decreto de servizos mínimos ditados pola Xunta de Galiza para a xornada de folga de Mulleres convocada o pasado 8 de Marzo. En concreto anula os mínimos referidos á consellaría de Presidencia, CRTVG, Centro de Emerxencias 112 e Parque Nacional das Illas Atlánticas. A CIG, no seu momento, presentou recurso por considerar que se trataba duns “servizos máximos, abusivos e exaxerados” que vulneraban o exercicio do dereito fundamental á folga.*”

No seu día a central sindical, que chamou á mobilización e folga, denunciou como unha vez máis a Xunta de Galiza fixaba uns servizos mínimos abusivos, máis absurdo aínda cando os traballadores masculinos non estaban chamados a secundala. Máis aínda, entre outras cuestións, a Xunta de Galiza agardou ao último día para publicar o Decreto de servizos mínimos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Finalmente, a sentenza reconece a corrección das apreciacións que motivaron a denuncia do sindicato e recolle cuestións preocupantes do punto de vista da saúde democrática e de dereitos de participación que debera promover o goberno galego, recollendo de forma expresa que os servizos establecidos non poden supoñer a supresión do dereito de folga das traballadoras.

Esta cuestión é de extrema gravidade, ademais da vulneración propositada do dereito de folga, reconecido no noso marco legal, obedece ao intento premeditado de criminalización da folga feminista que tentou levar a cabo o partido que ostenta o goberno nas semanas previas á convocatoria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Vai facer autocrítica o Goberno galego despois de que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza evidencie na súa sentenza de anulación do Decreto de servizos mínimos do pasado 8 de marzo que pretendía minorar a súa participación?

-Vai dimitir alguén do Goberno galego por este motivo?

-Valora as súas actuacións o Goberno galego como maliciosas?

-Que criterios seguiu a Xunta de Galiza par ditar os servizos mínimos para o pasado o pasado 8 de Marzo? Tivo en conta que se trataba dunha folga de mulleres? En que aspectos?

-Emitiu a Secretaría Xeral de Igualdade algunha valoración após coñecer a sentenza? E algún outro departamento?

-Quixo o Goberno galego atrancar propositadamente o dereito a folga?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 18:23
Nº Rexistro: 37594
Data envío: 25/09/2018 18:23:41.025

-Por que demorou a comunicación de servizos mínimos?

-Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para que isto non volte acontecer?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2018 18:13:47

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2018 18:13:51

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2018 18:13:53



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2018 18:23
Nº Rexistro: 37594

Data envío: 25/09/2018 18:23:41.025

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2018 18:13:55

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2018 18:13:56

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2018 18:13:57

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando e Flora María Miranda Pena, deputadas e deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

A folga feminista do pasado 8 de marzo foi unha xornada histórica que puxo de manifesto a necesidade de virar cara políticas e prácticas respectuosas coa igualdade. O paro foi un éxito dende a mesma medianoite, malia o intento por parte das institucións públicas de boicotear as mobilizacións.

Recentemente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenou á TVG por vulnerar o dereito á folga. Durante a xornada, a corporación chamou a traballadores para substituír ás mulleres que estaban exercendo o seu dereito a participar na protesta. Iso permitiulle, entre outras cousas, substituír á presentadora do informativo Galicia noticias por un home. O obxectivo era diminuír o efecto da folga obrigando aos traballadores a facer as labores das súas compañeiras.

Segundo o TSXG, “nin o empresario pode impoñer aos traballadores non folguistas a realización de tarefas que corresponden a quen secundaron a convocatoria”, “nin os traballadores que deciden libremente non secundala, poden substituír o traballo dos seus compañeiros”, máis alá dos servizos mínimos. “A prohibición da substitución interna dos traballadores é consecuente coa necesidade de garantir a efectividade do dereito fundamental”.



Agora, o TSXG vén de condenar á Xunta por vulnerar o dereito á folga o 8 de marzo cun decreto de servizos mínimos “malicioso” que lle produce un “rotundo rexeitamento”. O decreto frustrou o dereito á folga de, polo menos, tres departamentos da Administración autonómica –da Presidencia da Xunta, do centro de emerxencias do 112 e do Parque das Illas Atlánticas– e da CRTVG.

O TSXG concluíu que a Xunta abusou “da súa posición como autoridade gobernativa” ao publicar o decreto o día antes da folga, restrinxindo, desta maneira, o prazo de impugnación dunha maneira inxustificada. O Tribunal mantén que “tal premura impediu un exame en profundidade de tódolos servizos afectados”, e non foi consistente nin coa “eficacia” nin coa “boa fe”.

No que atinxe á Presidencia, o Tribunal declara “desproporcionado e inxustifico” que a Xunta establecera un servizo mínimo de 24 horas ao porteiro maior, algo que nin tan sequera se cumpre os domingos. Sobre o 112 mantén que é desmesurado solicitar a presenza do 100% do persoal responsable de recibir as chamadas na central de emerxencias. Por último, acerca do Parque das Illas Atlánticas a sentenza non ve xustificación a presenza dunha guía.

Con isto sobre a mesa, o Tribunal anulou o decreto de servizos mínimos nos tres departamentos máis na CRTVG e puxo á Xunta o pagamento das costas xudiciais do proceso sen fixar un límite cuantitativo.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que pensa facer a Xunta de Galicia para garantir que as traballadoras e os traballadores das institucións públicas poidan desfrutar no futuro do seu dereito á folga?



- Cales pensa que terían que ser os servizos mínimos na Administración autonómica e na CRTVG?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Flora Miranda Pena

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2018 18:23:42

Marcos Cal Ogando na data 25/09/2018 18:23:49

Flora María Miranda Pena na data 25/09/2018 18:23:56

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e M^a Julia Rodríguez Barreira, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Consello da Xunta do 15/09/2018 deu o visto e praxe ao informe que da conta da resolución da convocatoria de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais, co principal obxectivo de mellorar a formación dos empregados públicos.

A convocatoria destas subvencións realízase dende 2014 e derívase da sentenza do Tribunal Constitucional 225/2012, do 29 de novembro, que respondía a un conflito de competencias promovido pola Xunta de Galicia e que outorgou a esta comunidade autónoma a titularidade da competencia relativa á convocatoria das axudas, da tramitación e resolución do procedemento da súa concesión, e do control das actuacións formativas promovidas polas entidades locais e federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico e destinadas ao persoal empregado público que presta os seus servizos nelas, así como tamén as referentes á modificación dos ditos plans e á resolución de discrepancias na súa negociación.

Por elo, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Que balance fai o Goberno da Xunta de Galicia sobre as convocatorias de subvencións ás entidades locais para a formación dos seus empregados públicos durante estes últimos catro anos?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 25/09/2018 18:25:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

César Manuel Fernández Gil na data 25/09/2018 18:26:20

María Isabel Novo Fariña na data 25/09/2018 18:26:25

Antonio Mouriño Villar na data 25/09/2018 18:26:58

Alberto Pazos Couñago na data 25/09/2018 18:27:16

Paula Prado Del Río na data 25/09/2018 18:27:29

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/09/2018 18:27:49

Á Mesa do Parlamento

Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río e Julia Rodríguez Barreira deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia establece que as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente se proveerán por concurso específico, salvo aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

No programa electoral co que o Partido Popular de Galicia gañou a maioría absoluta nas eleccións autonómicas de 2016 adquirimos coa cidadanía de Galicia o seguinte compromiso: “Revisaremos a totalidade das relacións de postos de traballo para adecualas ás necesidades efectivas, introducindo a limitación aos postos de libre designación que foi aprobada na Lei de emprego público. En consecuencia, a forma ordinaria de provisión das xefaturas de servizo será o concurso específico”.

A Consellería de Facenda vén de anunciar que está a impulsar o decreto que permitirá cubrir por concurso específico con convocatoria pública 591 xefaturas de servizo na Administración galega, un decreto co que o Goberno galego cumprirá o compromiso de reducir os postos de libre designación ao mínimo na historia da Autonomía.

Por elo, os deputados e deputadas abaixo asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-En que estado de tramitación se atopa e cales son as principais novidades que implicará o novo regulamento na provisión das xefaturas de servizo?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Jacobo Moreira Ferro na data 25/09/2018 18:16:01

César Manuel Fernández Gil na data 25/09/2018 18:16:16

María Isabel Novo Fariña na data 25/09/2018 18:16:21

Antonio Mouriño Villar na data 25/09/2018 18:16:49

Alberto Pazos Couñago na data 25/09/2018 18:17:05

Paula Prado Del Río na data 25/09/2018 18:17:20

María Julia Rodríguez Barreira na data 25/09/2018 18:17:39

Á Mesa do Parlamento

Martín Fernández Prado, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

Un dos moitos obxectivos do Sistema Universitario Galego (SUG) é intentar alcanzar a maior ratio de inserción laboral dos seus egresados e facelo no menor tempo posible.

Para coñecer este obxectivo a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ven desenvolvendo enquisas entre os seus ex alumnos e alumnas para poder medir, coñecer e valorar eses resultados e así poder tomar medidas en relación a mellora da empregabilidade.

Recentemente a ACSUG presentou o estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2013-2014.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

-Qué valoración fai o goberno galego sobre os datos que se desprenden do estudo da inserción laboral dos titulados no sistema universitario de Galicia 2013-2014?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 26/09/2018 10:14:22

César Manuel Fernández Gil na data 26/09/2018 10:14:36

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Maria Antón Vilasánchez na data 26/09/2018 10:14:42

Teresa Egerique Mosquera na data 26/09/2018 10:14:51

Carlos Gómez Salgado na data 26/09/2018 10:18:42

María Isabel Novo Fariña na data 26/09/2018 10:19:04

Antonio Mouriño Villar na data 26/09/2018 10:19:15

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/09/2018 10:19:35

Á Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, César Fernández Gil, Teresa Egerique Mosquera, Carlos Gómez Salgado, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar e Encarna Amigo Díaz, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**

O Parlamento de Galicia aprobou, na súa sesión do 27 de setembro de 2017, cos votos favorables do Partido Popular e a abstención do resto dos grupos da Cámara, instar á Xunta de Galicia para constituír unha comisión de expertos co mandato de “realizar un estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, que analice a posibilidade e os mecanismos que, respectando a legalidade vixente, permitan incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, tamén coñecidas como Pazo de Meirás, actualmente en mans dos herdeiros legais de Francisco Franco sen que a dita incorporación ao patrimonio público implique un novo custo para o pobo de Galicia, que xa o asumiu no ano 1938”.

A Xunta de Galicia, en cumprimento dese mandato constituíu, en novembro de 2017, esta Comisión, presidida polo catedrático de Historia Contemporánea da USC, Xosé Manoel Núñez Seixas, persoa de recoñecido prestixio, estivo formada por representantes da Xunta de Galicia das áreas de Facenda, Asesoría Xurídica e Patrimonio, representantes das tres Universidades galegas, un representante do colexio de Notarios, un representante do colexio de Rexistradores, un representante do Concello de Sada e un representante da Deputación da Coruña.

A Comisión presentou o resultado dos seus traballos o pasado mes de xuño, un traballo que propiciou un acordo unánime do Parlamento de Galicia, quen aprobou na sesión de xullo de 2018 no seguinte sentido:

“O Parlamento de Galicia, recoñecendo o importante traballo realizado desde hai anos por historiadores e historiadoras, asociacións da memoria histórica, a Xunta pro devolución do Pazo de Meirás e institucións coma a Deputación da Coruña e o Concello de Sada, entre outros, insta á Xunta de Galicia:

1. A que remita urxentemente o Informe da Comisión de Expertos nomeada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento da resolución do Parlamento de Galicia, sobre as posibilidades de incorporar ao patrimonio público a propiedade das Torres de Meirás, con todos os seus anexos documentais, á Administración Xeral do Estado, coa petición de que se realicen as accións legais a que fai referencia o informe na súa conclusión final co obxecto de reintegrar as torres ou o Pazo de Meirás ao ámbito dos bens de dominio público da Administración Xeral do Estado.

2. A incorporarse, en canto sexa exercitada esa acción legal, ao proceso civil como coadxuvante adhesiva.

3. O Parlamento de Galicia declara a súa vontade de que a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público non implique un novo custo para o pobo de Galicia”.

En relación con este tema, nestes días coñecemos que un dos herdeiros da familia Franco pretende realizar a venda da parte que lle correspondería do Pazo de Meirás.

Ante esta situación, os deputados e deputadas asinantes do Grupo Popular formulamos a seguinte pregunta:

-Cales foron e están a ser as actuacións da Xunta de Galicia ao respecto do Pazo de Meirás ?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2.018.

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 26/09/2018 13:13:10

César Manuel Fernández Gil na data 26/09/2018 13:13:21

Teresa Egerique Mosquera na data 26/09/2018 13:13:25

Carlos Gómez Salgado na data 26/09/2018 13:13:38

María Isabel Novo Fariña na data 26/09/2018 13:13:50

Antonio Mouriño Villar na data 26/09/2018 13:14:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/09/2018 13:14:16

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral na Comisión 4ª, relativa aos problemas de falta de persoal detectado ao inicio de curso.

A Xunta de Galicia decidiu comezar o curso afondando no desmantelamento da educación pública. Este ano hai 58 aulas menos que o anterior, 27 de educación infantil e 31 de primaria. Tamén se perderon 90 docentes, 41 de infantil, 28 de primaria e 21 especialistas. A gravidade deste feito acentuase polo notable incremento de rapaces matriculados que vimos observando dende que o Partido Popular de Feijóo chegou ao goberno. Hoxe hai 9.000 nenos e nenas máis na escola que no 2009. Isto non significa, por certo, que os orzamentos adicados a educación medrasen na mesma proporción. O último ano no que se executaron os presupostos do bipartito, os orzamentos de educación sumaban 2.383,2 millóns de euros. Hoxe son de 2.392. Non fai falla subliñar que o exíguo incremento dos últimos nove anos é insuficiente para atender as necesidades do alumnado.

Na educación secundaria, o escenario non é mellor. O curso inaugurouse con 428 profesores interinos menos. Case un terzo das vacantes cubríronse con afíns, itinerancias e bilingües, o que, necesariamente, empobrece a calidade da educación, xa que dificulta que os docentes poidan centrarse na preparación das clases da súa especialidade.

Os datos ofrecen unha boa perspectiva do alcance do problema. O presente curso, 1.291 docentes de secundaria impartirán materias que non lle son propias; 991



impartirán unha especialidade a maiores da súa; e 300 encargaranse de dúas materias afíns.

Os sucesivos recortes que leva padecendo a educación pública dende fai demasiado tempo están sendo agora denunciados polas AMPAS e os claustros de varios centros educativos. Pais, nais e docentes reivindicán máis persoal, máis medios e acabar coa masificacións nas aulas.

No IES de Brión levan xa máis dunha semana de peche. Denuncian que, malia o aumento do número de alumnos, non se produciu ningún incremento de docentes. A mobilización conta co apoio de máis do 95% das familias. Segundo a Consellería de Educación, non se ampliou o número de profesores porque o número de grupos permanece idéntico. Nada lle importa que a falta de novos docentes supoña masificar ao alumnado de 4º da ESO, que se perda un profesor de reforzo en 3º da ESO ou que se teñan que eliminar varias materias optativas.

Outros centros que están a mobilizarse contra os recortes son:

- O centro de Infantil e Primaria Barrié de la Maza de Santa Comba.
- O CEIP Arcediago de Santiso.
- O CEIP de Roxos (Santiago).
- O CEOP Castelao de Ordes.

Os problemas sinalados polas AMPAS e os propios docentes solucionaríanse con máis profesores que tiveran xornadas máis reducidas en Primaria e Secundaria, e cun plan de estabilidade para o persoal interino.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:



- Que pensa facer a Xunta de Galicia para responder ás demandas das ANPAS e da comunidade educativa?

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/09/2018 12:56:30

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/09/2018 12:56:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta oral na Comisión 6.^a, sobre o descenso en noites de hotel.

Galicia rematou o mes de agosto cun 10% menos de viaxeiros aloxados en hoteis que o ano pasado, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística. Isto son 71.285 persoas menos. O número de xente que pasou a noite en hoteis caeu nun 7,29% fronte o 0,56% do conxunto do Estado. A estancia media en Galicia foi de 2,36 días; no resto do Estado, foi de 3,7 noites.

Se consideramos conxuntamente xullo e agosto, observamos que a comunidade perdeu usuarios de hotel por primeira vez en cinco anos. En total, o número descendeu en 161.733, un 12,5%. A perda en Galicia supera ao resto de comunidades tanto en cifras absolutas como en porcentaxes, moi por diante da seguinte na lista, A Rioxa, que perdeu un 6,3% dos usuarios e usuarias. No conxunto do Estado, a caída foi do 0,16%. En sete comunidades, os hoteis gañaron clientela.

En xullo e agosto Galicia tamén tivo menos xente que pasou a noite. En concreto, un 8,9% menos, o que supón un descenso de 257.318 noites con respecto a o ano pasado.

A fochanca que atravesamos o sector hoteleiro galego percíbese aínda con máis claridade se comparamos a súa situación coa de comunidades próximas que ofrecen formas similares de turismo, como Asturias, Cantabria e País Vasco. No



mes de agosto, a nosa ocupación hoteleira foi do 64,9%, o que contrasta co 80% de Cantabria, co 79% do País Vasco e 74,5% de Asturias.

Con estes datos sobre a mesa, cómpre preguntar que volume de usuarios tradicionais de hoteis preferiron optar este ano polos aloxamentos de Airbnb e outras empresas de aluguer de pisos máis baratas e menos reguladas.

A diferenza de quince puntos porcentuais entre a ocupación hoteleira de Galicia e a do País Vasco e Cantabria non se pode deber a unha simple cuestión de mala sorte. Trátase dun síntoma máis da pésima xestión que o Goberno de Núñez Feijóo fai do turismo.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- A Xunta de Galicia coñece que porcentaxe de viaxeiros e viaxeiras se hospedaron en aloxamentos de Airbnb?
- Como puido afectar isto ao descenso de usuarios de hoteis?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/09/2018 13:16:39

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**, sobre a situación das e dos menores estranxeiros non acompañados.

Segundo a Resolución do 26 de xullo de 1997 da Unión Europea e o Comité sobre os Dereitos do Neno (e a Nena) de Nacións Unidas (Observación Xeral nº6 2005) denomínase como menores estranxeiros non acompañados (en diante MENA) a aqueles nenos e nenas que, estando separados de ambos os proxenitores ou outros parentes que se fagan cargo do seu coidado, viaxan, por tanto sos.

Son evidentemente, un dos eslavóns máis febles da cadea migratoria, cos que, unha vez máis se evidencia o fracaso da política migratoria europea. Tanto é así que 825 menores migrantes desapareceron en 2016 trala súa chegada ao Estado español sos, segundo Save The Children.

Nos últimos días as alarmas volveron saltar cando os xornais publicaron imaxes de nenas e nenos durmindo en comisaría, no chan de edificios públicos. Unha situación vergoñenta que padecen as e os menores estranxeiros non acompañados (MENAS) que o goberno non está acollendo como debera.

As cifras non paran de medrar, en gran medida a causa do fracaso total no suposto sistema de asilo europeo que leva a moitas familias a tratar que as súas fillas e fillos podan chegar a lugares seguros.



Segundo os últimos datos a tutela das menores migrantes non acompañadas depende das comunidades autónomas e xeralmente son acollidas polos territorios aos que chegan. Así, a Andalucía séguenlle, por esta orde, Cataluña (1.109), Melilla (1.046), País Vasco (943) e a Comunidade Valenciana (489).

Ante esta situación o Goberno central vén de anunciar a aprobación dun Real Decreto para a atención destes menores que contemplará o reparto "excepcional" de 40 millóns de euros e estará vixente durante seis meses. Un reparto que se fará en función dos lugares que máis menores atenden e entre os que se ofrezan a formar parte da redistribución dos menores.

Tema que ocupou a última conferencia territorial sobre inmigración e que debería ser unha preocupación fundamental de todos os gobernos.

Porén, hai uns días que lemos na prensa que o reparto de menores estranxeiros non acompañados terá que esperar debido á incapacidade de dar unha resposta coordinada por parte de todas as Comunidades Autónomas responsables.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Cantos MENAS residen actualmente en Galicia?
- 2.^a) Que medidas de protección ten o goberno para esta poboación especialmente vulnerable?
- 3.^a) Para cando compren a maioría de idade?
- 4.^a) Cantas e cantos menores estranxeiros non acompañados considera a Xunta poder acoller en Galicia neste momento?
- 5.^a) En que centros?



6.^a) En que prazo?

7.^a) Vaise comprometer co Goberno do Estado a acoller a estes menores?

8.^a) Que propostas pretende levar o Goberno galego, ao vindeiro Consello Territorial, sobre este asunto?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/09/2018 17:04:47

A MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Antón Sanchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 7ª**, sobre o comportamento dos funcionarios de inspección de traballo, que acoden ás explotacións vitícolas, a facer inspeccións que elevan propostas de sanción contra as colaboracións familiares nas colleitas.

Estes días, moitas viticultores e viticultores están a ser citados en Inspección de Traballo para verificar que recibían a colaboración de familiares ou veciñas e veciños nas labores de recollida de uva sen haber retribución económica de por medio, co agravante de ir acompañados pola Garda Civil, o que eleva as labregas e labregos a condición de delincuentes por facer o seu traballo na terra.

Labregas e labregos galegos ven constantemente como teñen inspeccións que elevan propostas de sanción contra as colaboracións familiares nas colleitas.

Entenden que unha práctica que se vén facendo desde sempre en Galiza, como é botarlle unha man a parentes ou veciños en intres puntuais e sen percibir ningunha renda por iso, non pode ser motivo de sanción.

As denuncias por colaboracións familiares nas colleitas de uvas son o último episodio dos problemas do agro coas administracións, onde detectamos unha serie de conflitos que buscan baleirar as rendas dos produtores.

Estase obrigando aos produtores e produtoras a realizar tramitacións, desprazamentos e perdas de tempo por non ter feito un traballo de selección, abrindo unha causa xeral contra a actividade económica no sector primario.



Polo exposto anteriormente o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cal vai ser o mecanismo que vai a aplicar o executivo para evitar estas multas despois de anunciar en rolda de prensa o Presidente da Xunta de Galicia, en outubro do ano 2017, que ningún/unha familiar ou veciño/a ía ser multado por recibir a colaboración nas labores de recollida?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 26/09/2018 17:13:00

Antón Sánchez García na data 26/09/2018 17:13:10



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37672
Data envío: 27/09/2018 10:17:34.834

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O Polígono Industrial de Melide goza dunha implantación de naves que dan acubillo a un bo número de empresas, sendo esta ocupación tan alta que entre as empresas xa ubicadas e en plena actividade e as reservas de parcelas para novas ubicacións, queda a estas alturas pouco solo industrial libre.

É de obrigado cumprimento que o impacto medioambiental que poida xera-la actividade industrial sexa debidamente controlado e minimizado por medio de dispositivos que reduzan en orixe os refugallos contaminantes resultantes da mesma, principalmente a contaminación das augas.

Pois ben, que se saiba, o polígono industrial de Melide non conta cunha depuradora de augas e vertidos ó saneamento do mesmo e verte directamente a un regato que á súa vez verte no río Furelos afluente do río Ulla.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37672
Data envío: 27/09/2018 10:17:34.834

- Se isto é ilegal, como é que desde a Consellería de Medio Ambiente se consinte este estado de cousas?

- Sabe a Consellería de M. Ambiente desta situación anómala e de que estas augas contaminadas rematan por ir dar ó río Ulla, vea fluvial que fornece de auga potable varias poboacións e que forma a ría de Arousa con toda a riqueza que esta garda?

- Fai controis periódicos das augas que se verten ó Furelos?

- Tomou algunha medida ó respecto, fixou responsabilidades, algo?

- Ten pensada algunha solución ó problema?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 10:17
Nº Rexistro: 37672
Data envío: 27/09/2018 10:17:34.834

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/09/2018 10:13:12

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2018 10:13:18

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2018 10:13:20

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2018 10:13:22

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2018 10:13:23

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2018 10:13:25

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A estrada AC-564, é unha estrada autonómica cunha lonxitude de 26 km e que comunica a AP-9 no concello de Cabanas (A Coruña) coa AG-64 no concello das Pontes, a estrada foi unha mellora do trazado das estradas autonómicas AC-141 de Cabanas (A Coruña) coa Capela, e da AC-142, das Pontes coa Capela.

O día 2 de marzo de 2018 rexistrábanse, polo Grupo Parlamentario Socialista, unha batería de iniciativas sobre á AC-564. Entre elas, unha pregunta para a súa resposta por escrito co rexistro número 27245, que contestou a Xunta de Galicia o día 27 de abril de 2018 co número de rexistro 30173 dicindo o seguinte: *“A finais do ano 2015, a Axencia Galega de Infraestruturas, dentro das súas funcións de conservación e explotación das estradas autonómicas, realizou actuacións puntuais de reforzo de firme da AC-564, Cabanas (AP-9) - As Pontes (AG-64), a través do proxecto ‘Reforzo de firme localizado nas estradas AG-64, AC-563, AC-564, AC-861 e AC-862’. En concreto, as actuacións realizáronse nas zonas afectadas por unha deformación do firme, así como naquelas que presentaban evidentes signos de debilitamento no pavimento.*

Ademais, nesta mesma primavera está planificado realizar o perfilado das cunetas da AC-564, co fin de mellorar a súa drenaxe lonxitudinal. A continuación do dito perfilado, a actuación completárase co repintado da sinalización horizontal.”

Os traballos de perfilado de cunetas e repintado da sinalización horizontal rematouse a finais do mes de xullo, pero no mes de agosto e setembro estanse a realizar traballos de parcheo nalgún punto quilométrico con aglomerado “slurry”, polo que tamén é necesario de volver a repintar a sinalización horizontal.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os motivos para que non se parchease ou mellorase o firme antes de repintar no mes de xullo?

2ª) Cal foi o sobrecoste do repintado da sinalización horizontal?

3ª) Cales foron os puntos quilométrico onde se realizou o parcheo con aglomerado “slurry” e repintado na AC-564?

4ª) Contou a Xunta de Galicia con algún informe técnico antes de comezar as obras de mantemento na AC-564, en caso afirmativo, en que data e por quen foi elaborado?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2018 12:34:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/09/2018 12:35:04

María Luisa Pierres López na data 27/09/2018 12:35:15



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 12:58
Nº Rexistro: 37686
Data envío: 27/09/2018 12:58:56.147

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

En febreiro de 2008, a Consellería do Medio Ambiente da Xunta de Galiza emitiu autorización para a instalación dun vertedoiro de residuos industriais “non perigosos” aproveitando o oco da explotación de cuarzo, para a restauración do espazo natural da canteira de Miramontes, na parroquia de Grixoa en Santiago de Compostela, con capacidade para eliminar 80.000 t/ano, nun vaso de vertido de 1 millón de metros cúbicos, nunha superficie de 4,5 hectáreas e cunha vida útil estimada en 20 anos.

A previsión inicial era encher este espazo con areas, terras e lodos xerados nas propias instalacións e con restos procedentes de actividades industriais e de construción. Concedeuse autorización para un vertedoiro de residuos industriais non perigosos e non biodegradables, limitando a entrada de materia biodegradable a un máximo dun 10% segundo o descrito no proxecto.

O funcionamento do vertedoiro non tardou en xerar preocupación entre a veciñanza que observara incendios no propio vertedoiro. Como consecuencia, a principios do 2014, o BNG, a través dos seus representantes neste Parlamento, interesouse diante da Xunta de Galiza polo cumprimento das medidas ambientais impostas na resolución de autorización.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, nas actas das inspeccións do ano 2017, feitas tras as denuncias dos veciños, reflíctese que neste vertedoiro de residuos industriais non perigosos, está entrando unha gran cantidade de residuos domésticos, cunha gran carga de humidade e carbono orgánico disolto, o que xerará unha maior cantidade de gases nun futuro, constituíndo unha fonte de problemas para a poboación que habita máis preto do vertedoiro. Estamos a falar de vivendas a menos de 400 metros do vertedoiro, e varias aldeas a menos de 1 quilómetro.

Os inspectores tomaron 3 mostras, que superan os límites establecidos de carbono orgánico disolto (COD). E nas actas de inspección conséntase a presenza de lodos e outros residuos no vaso do vertedoiro e que non poderían depositarse no mesmo.

Unha consecuencia salientable derivada dos gases que emanan do vertedoiro e de Tecnosolos é o problema dos cheiros. Hai máis de 140 denuncias rexistradas dos veciños e veciñas das parroquias colindantes que se atopan nun radio de menos de 3 quilómetros do vertedoiro. Este feito constatado, incluso por autoridades públicas como a Policía Autonómica entre outros, pon de manifesto a preocupación fundada polos posibles efectos prexudiciais dos gases xerados, ao tempo que xeran unha situación de inhabitabilidade insostible e inxusta para as persoas afectadas.

A irregularidade máis grave observada é que non se están a facer os controis preceptivos e rigorosos do que entra no vertedoiro de Miramontes e a proba máis contundente é a presenza de residuos non autorizados.

Esta afirmación despréndese das actas das inspeccións feitas o 7 e o 14 de novembro do pasado ano. Nelas apúntanse literalmente as seguintes conclusións:

-Non hai constancia de que se realicen Caracterizacións Básicas, nin Probas de Conformidade dos residuos de maior carga orgánica.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 12:58
Nº Rexistro: 37686
Data envío: 27/09/2018 12:58:56.147

-Non fan un control visual do contido dos residuos antes da descarga do camiión no vertedoiro.

-Tamén no lixiviado a cantidade de Carbono Orgánico Disolto (COD) é similar á dun vertedoiro de residuos domésticos.

Non é este un vertedoiro de Residuos Sólidos Urbanos e sen embargo supera amplamente o 30% de materia orgánica biodegradable.

Pero hai máis. Nas fotografías realizadas polos inspectores en novembro de 2017, pódense ver residuos procedentes de amianto mesturados con residuos procedentes de rexeites de sólidos urbanos, sendo a porcentaxe destes superior ó 36%.

Por tanto, neste vertedoiro, estanse mesturando de forma habitual residuos procedentes de rexeites de residuos sólidos urbanos con residuos perigosos coma o amianto, feito totalmente prohibido segundo a decisión do Consello Europeo de 19 de decembro de 2002 e de obrigado cumprimento tal como se establece na Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a xestión dos vertedoiros en Galicia.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

-Estanse realizando as probas necesarias para a admisión de residuos conforme ó establecido nas lexislacións europea, estatal e autonómica relativas á xestión de residuos nos vertedoiros?

-Hai un control efectivo da materia orgánica que entra no vertedoiro?

-Que porcentaxe de materia orgánica biodegradable está depositada no vertedoiro de Miramontes dende o inicio da actividade?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 12:58
Nº Rexistro: 37686
Data envío: 27/09/2018 12:58:56.147

-A xestión do amianto que se está a facer no vertedoiro de Miramontes, cumpre coa lexislación europea?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 27/09/2018 12:57:16

María Montserrat Prado Cores na data 27/09/2018 12:57:21

Ana Pontón Mondelo na data 27/09/2018 12:57:22

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2018 12:57:23



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2018 12:58
Nº Rexistro: 37686

Data envío: 27/09/2018 12:58:56.147

Noa Presas Bergantiños na data 27/09/2018 12:57:25

Xosé Luis Bará Torres na data 27/09/2018 12:57:26

Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ás listaxes de espera nas escolas oficiais de idiomas.

As escolas oficiais de idiomas constitúen unha rede de centros públicos de ensino de idiomas que, do mesmo xeito que o resto de ensinos regrados, sufriron duramente os recortes. Estas escolas permiten que a maioría de alumnas e alumnos poida acceder á aprendizaxe dunha segunda e/ou terceira lingua estranxeira desde os 16 anos, abonando unha matrícula anual que é moi inferior á contía dunha escola de idiomas privada. Neste senso, é fundamental garantir unha oferta variada, suficiente e de calidade.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Cantas persoas viron denegada a súa solicitude nas escolas oficias de idiomas galegas nos últimos cinco cursos académicos?
- En que idiomas?
- En que centros?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda



Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/09/2018 13:13:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2018 13:13:54

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, María Dolores Toja Suárez, Noela Blanco Rodríguez, Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O propio Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia, no seu preámbulo menciona o seguinte:

“A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que consagra os principios reitores de actuación que deben promover os poderes públicos galegos no ámbito da protección á familia, á infancia e á adolescencia, establece no artigo 36 que a Xunta de Galicia potenciará e desenvolverá unha rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, tanto a través das novas tecnoloxías como na modalidade de atención presencial.

En concreto, a través dos departamentos da Administración autonómica competentes en materia de familia e xustiza, constituirá servizos de apoio e atención ás familias a través das tecnoloxías da información e a comunicación e promoverá, reforzará e ampliará os servizos de orientación familiar, de mediación e os puntos de encontro familiar. “

O certo é que desde a súa posta en marcha, os Puntos de Encontro Familiar no territorio galego localízanse tan só nas sete principais cidades galegas. Foi a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a que garantiu a existencia destes puntos, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, e que permite e garante a seguridade e o benestar das e dos menores e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

Un servizo que se ten convertido xa en imprescindible para a convivencia e seguridade das e dos menores, e que debería ser de proximidade, cunha maior implantación en todas as comarcas.

A miúdo, as rupturas de parellas os que con carácter contencioso e o convenio regulador que contén o réxime de visitas determina a entrega dos menores en lugares distintos dos domicilios dos pais ou doutros parentes; é dicir, que se levan a cabo en Puntos de Encontro Familiar. Puntos que tamén reciben e atenden casos de violencia de xénero no que existen menores ou con situacións familiares problemáticas, máis alá das rupturas de parellas.

Existen localizacións no territorio de Galicia afastadas máis de 100 quilómetros do punto de encontro máis próximo, e para os que os usuarios e usuarias precisan empregar incluso máis de hora e media para achegarse ó mesmo, e polos seus propios medios, o que dista moito do concepto de servizo de proximidade e accesibilidade que debería garantirse.

Son ademais diversas as problemáticas que se teñen detectado nos Puntos de Encontro Familiar, especialmente no tempo de acceso a algúns deles, como o de Pontevedra, onde se ten manifestado en diversos medios as listas de agarda que evidencian a insuficiencia do servizo, e a pertinencia de non só ampliar os medios do mesmo, senón a seren complementados coa creación de novos Puntos de Encontro noutras áreas xeográficas próximas.

Apelando a ese espírito da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, de potenciar e desenvolver esa rede de recursos axeitados para garantir a efectividade dos procesos de apoio familiar e mediación para que estes poidan chegar aos sectores de poboación máis amplos posible, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten formulado este Goberno no ano 2019 e conforme á Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, favorecer o acceso de máis galegos e galegas ós Puntos de Encontro Familiar ampliando o seu número máis alá dos xa existentes nas sete principais cidades galegas?
2. É coñecedor da dificultade para moitas familias, especialmente do rural, para acceder ós Puntos de Encontro Familiar, tendo que percorrer distancias nalgúns casos de máis de 100 quilómetros e empregando máis de hora e media de tempo en automóbil?

3. Entende necesario que tamén é preciso atender á demanda existente e evitar en todo caso a existencia de listas de agarda, por tratarse dun servizo de máxima necesidade e que vela pola seguridade directa e indirecta de menores así como de mulleres vítimas de violencia de xénero?
4. Tense realizado algún estudo para a posta en marcha de novas fórmulas de Puntos de Encontro Itinerantes no territorio que permitan a mellora de acceso a este servizo das galegas e galegos do rural galego, das zonas máis illadas e aquelas de menos densidade de poboación?
5. Vai a atender este Goberno a demanda que xa se ten realizado desde algún territorio como é a comarca do Morrazo para a implantación dun Punto de Encontro de Familiar no concello de Cangas e que dea servizo os concellos que a conforman?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2018

Asdo.: María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Noela Blanco Rodríguez
Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 27/09/2018 16:19:54

María Dolores Toja Suárez na data 27/09/2018 16:20:00

Noela Blanco Rodríguez na data 27/09/2018 16:20:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/09/2018 16:20:12

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/09/2018 16:20:17

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2018 16:20:22

Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión da CRTVG**.

A folga feminista do pasado 8 de marzo foi unha xornada histórica que puxo de manifesto a necesidade de virar cara políticas e prácticas respectuosas coa igualdade. O paro foi un éxito dende a mesma medianoite, malia o intento por parte das institucións públicas de boicotear as mobilizacións.

Recentemente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenou á TVG por vulnerar o dereito á folga. Durante a xornada, a corporación chamou a traballadores para substituír ás mulleres que estaban exercendo o seu dereito a participar na protesta. Iso permitiulle, entre outras cousas, substituír á presentadora do informativo Galicia noticias por un home. O obxectivo era diminuír o efecto da folga obrigando aos traballadores a facer as labores das súas compañeiras.

Segundo o TSXG, “nin o empresario pode impoñer aos traballadores non folguistas a realización de tarefas que corresponden a quen secundaron a convocatoria”, “nin os traballadores que deciden libremente non secundala, poden substituír o traballos dos seus compañeiros”, máis alá dos servizos mínimos. “A prohibición da substitución interna dos traballadores é consecuente coa necesidade de garantir a efectividade do dereito fundamental”.



Agora, o TSXG vén de condenar á Xunta por vulnerar o dereito á folga o 8 de marzo cun decreto de servizos mínimos “malicioso” que lle produce un “rotundo rexeitamento”. O decreto frustrou o dereito á folga de, polo menos, tres departamentos da Administración autonómica –da Presidencia da Xunta, do centro de emerxencias do 112 e do Parque das Illas Atlánticas– e da CRTVG.

O TSXG concluíu que a Xunta abusou “da súa posición como autoridade gobernativa” ao publicar o decreto o día antes da folga, restrinxindo, desta maneira, o prazo de impugnación dunha maneira inxustificada. O Tribunal mantén que “tal premura impediu un exame en profundidade de tódolos servizos afectados”, e non foi consistente nin coa “eficacia” nin coa “boa fe”.

Con isto sobre a mesa, o Tribunal anulou o decreto de servizos mínimos nos tres departamentos máis na CRTVG e puxo á Xunta o pagamento das costas xudiciais do proceso sen fixar un límite cuantitativo.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Quen tomou a decisión de substituír ás mulleres que foron á folga o 8 de marzo?
- A CRTVG vai tomar algunha medida para sancionar a que tomou a decisión?
- A CRTVG pensa actuar da mesma maneira en futuras folgas ou a partir de agora vai defender o dereito á folga dos traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.



Asdo.: Flora María Miranda Pena,

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 27/09/2018 16:53:48

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/09/2018 16:53:58

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da couza guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas illas Canarias e en 2015 detectase a súa presenza en tres concellos de Ferrolterra e no 2017 pasaron a ser 31, 14 na comarca de Ferrolterra e 17 na Mariña lucense e por último no mes de marzo deste mesmo ano, declarábase o concello de Muxía zona infestada.

O longo do ano 2017 e principios de 2018 publicáronse no DOG varias resolucións polas que se establecían as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementaban as medidas para a erradicación e control da couza guatemalteca da pataca, así como ordes nas que se establecían as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións en materia de sanidade vexetal.

Na comisión celebrada o pasado 4 de maio de 2018 ca comparecencia da directora Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias para informar sobre a situación relacionada coa couza guatemalteca da pataca, entre outras cousas falounos do número de trampas e capturas nas provincias afectadas. Polo tanto, e pasados xa varios meses desde a dita comisión, gustaríanos actualizar os datos e saber a evolución que tiveron na recollida e retirada da pataca afectada, tanto plantada como de semente.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas trampas ten na actualidade colocadas a Consellería do Medio Rural, tanto en concellos afectados como en concellos tampón, especificadas por concello e provincia?

2ª) Cantas capturas rexistraron as trampas durante o ano 2018, especificadas por concello e provincia?

3ª) Considera o Goberno galego que as trampas están funcionando?

4ª) Estanse a erradicar a praga da couza guatemalteca ou, cando menos, contendo nas zonas tampón?

5ª) Ten algunha previsión de cando estarán completamente erradicada a praga de Galicia?

6ª) Ten posto, ou ten pensado poñer, algunha outra medida nova en marcha, a maiores das trampas actuais, para tratar de erradicar a praga?

Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/09/2018 16:57:22

Raúl Fernández Fernández na data 27/09/2018 16:57:34

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

A Xunta vai abrir, finalmente, o Centro Galego de Desenvolvemento Integral (CEGADI), cinco anos despois de rematalo.

A orixe da instalación remóntase ao ano 2005, cando o Concello de Santiago lle cedeu á Xunta unha parcela de 6.000 metros cadrados. No ano 2013, a obra foi, presuntamente, rematada, pero ano e medio despois a Xunta admitiu que o complexo aínda non estaba preparado para a súa apertura. Se non se poñía un transformador eléctrico apropiado, o CEGADI podía poñer en risco o subministro das vivendas da contorna. Nese intre, a Consellería de Benestar prometeu que acometería as obras pertinentes no menor tempo posible. Como ben sabemos, non foi así. Non é ata este ano que o centro pode comezar a levar a cabo algunhas das accións que foran promocionadas.

No CEGADI ofrecerase, segundo o Goberno, “un plan integral de actuación para persoas con discapacidade”. Isto contrasta co feito de que o espazo aínda non conte sequer co equipamento necesario para realizar as “terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía” que se prometeran.



Así, estamos ante unhas instalacións que, incluso estando incompletas, foron obxecto dun investimento público de 13 millóns de euros, cuns sobrecustes de aproximadamente o 40% sobre o orzamento inicial.

A traxectoria errática do CEGADI é unha metáfora perfecta das políticas sociais do Partido Popular. As cousas fanse mal, fora de tempo e con sobrecustes que lle saen moi caros ao conxunto da cidadanía galega.

Por todo o exposto, preséntase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

- Cando se vai dotar ao CEGADI do equipamento que precisa para ofertar terapias de rehabilitación, mantemento e promoción da autonomía como fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia ou neuropsicoloxía?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Carmen Santos Queiruga na data 27/09/2018 17:39:45

Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En relación á pregunta do Grupo Parlamentario Socialista número 31.124, relativa á perda de persoas ocupadas de acordo coa Enquisa de Poboación Activa, no sector pesqueiro de Galicia, entre o primeiro trimestre do 2017 e o mesmo período de 2018. Hai que ter en conta que desde que a pregunta foi rexistrada, a situación empeorou e así, para o segundo trimestre de 2018 a EPA reflicte o valor máis baixo desde que figuran datos. Partiamos de 23.800 persoas ocupadas no mar no 2009, e na actualidade hai 14.200.

Indican na súa resposta que “as afiliacións ao Réxime Especial do Mar da Seguridade Social (REMSS) se manteñen estables desde 2015, cun aumento de preto de 1.200 persoas desde xaneiro de 2015 a xullo de 2018, superando a cifra dos 21.000 afiliados en marzo deste ano”

Cabe preguntar ante esta resposta se ao Goberno galego lle parece satisfactoria esta cifra de 21.000 persoas afiliadas, moi lonxe das 24.630 persoas afiliadas no ano 2009, parécelle satisfactoria, e polo tanto, pódese entender que esas 3.630 persoas afiliadas non hai intención de recuperalas. Non hai que perder de vista que, efectivamente, e tal e como di o Goberno as afiliacións non recollen ningún crecemento desde 2015.

Por outro lado, e xa que o Goberno así o menciona na súa resposta, cabe sinalar a importancia dos Grupos de Acción Local do sector pesqueiro, “para poñer en marcha proxectos que permitan dinamizar as zonas costeiras”, cabe preguntarse polo impacto destes proxectos levados a cabo na cifra de persoas afiliadas ao REMSS, e cantos deses proxectos supuxeron incrementos de afiliacións no sector servizos.

En canto á situación das mulleres no mar, así como do marisqueo, é inevitable lembrar que no ano 2009 había 4.281 permisos dos cales 3.887 eran mulleres. Ao rematar o ano 2017, o número de permisos eran 3.797 e mulleres unicamente

2.807. Aínda que na súa resposta indican que no ano 2017 se concederon un total de 296 permisos a pé de marisqueo, queda claro que o balance final foi negativo, xa que a cifra no ano 2016 era de 3.799, lixeiramente superior ao ano 2017. Polo tanto, cabe preguntarse se o Goberno galego lle parece un bo dato que hoxe en día haxa 1.000 mariscadoras menos que no ano 2009, e que a totalidade que inclúe homes e mulleres, está estancada por debaixo dos 4.000 permex.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego dos datos da Enquisa de Poboación Activa para o segundo trimestre de 2018, en canto a persoas ocupadas no mar, que reflicten o valor máis baixo desde que hai datos, o cal supón unha perda de 10.000 persoas ocupadas no mar en 9 anos?

2ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o estancamento na recuperación de afiliacións ao REMSS desde 2015, o cal impide recuperar os niveis de emprego de anos anteriores?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto á perda de máis de 1.000 permisos de marisqueo de mulleres desde o ano 2009 ata a actualidade?

4ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto ao estancamento na recuperación de permisos de marisqueo nos últimos anos que impide recuperar os niveis de emprego dos anos anteriores?

5ª) Coñece o Goberno galego o impacto que tiveron os proxectos dos Grupos de Acción Local sobre as afiliacións ao REMSS?

6ª) Coñece o Goberno galego o impacto que tiveron os proxectos dos Grupos de Acción Local sobre as afiliacións no sector servizos?

7ª) Que medidas vai levar a cabo o Goberno galego para recuperar os niveis de emprego no mar?



Pazo do Parlamento, 27 de setembro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 27/09/2018 17:51:42

Patricia Otero Rodríguez na data 27/09/2018 17:51:58

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727